1 PANORAMA ECONÓMICO

1.1. Contexto económico xeral

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

1.3. Relacións laborais e formación



1.1. Contexto económico xeral

A desaceleración da economía mundial e das economías avanzadas continúa no ano 2023 por mor do mantemento das tensións xeopolíticas -agravadas en 2024 polo conflito no Oriente Próximo e a súa repercusión no tráfico marítimo-, o incremento dos tipos de xuro ou o aínda elevado nivel de prezos. A economía mundial medra no último ano un 3,2% respecto ao ano anterior, o que supón tres décimas menos que en 2022. Con todo, das tres economías máis importantes -China, Estados Unidos e a zona euro- tan só a zona euro presenta unha forte desaceleración da súa actividade económica, cunha medra interanual do 0,4%, tres puntos menos que no ano precedente, presentando China un crecemento interanual do 5,2% (tres puntos máis que no ano anterior) e Estados Unidos do 2,5% (1,9% en 2022).

Xunto a China, entre as economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento cómpre resaltar o crecemento do 7,8% do PIB en India, oito décimas por riba do estimado no ano anterior, en tanto que entre as economías avanzadas, estímase que a actividade económica medra en España un 2,5%, acadando o 1,9% en Xapón ou o 0,9% en Italia e Francia. Por contra. Cómpre resaltar tanto a significativa ralentización do ritmo de crecemento da economía do Reino Unido, cunha medra interanual do 0,1%, máis de catro puntos inferior á estimada en 2022 (4,2%), así como a contracción do PIB en Alemaña (-0,3%).

No devandito contexto internacional de desaceleración económica, o cadro macroeconómico de Galicia publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) reflicte unha medra interanual do PIB do 1,8%, case dous puntos e medio inferior ao rexistrado no ano anterior (4,1%).

A diferenza do que acontece no conxunto de países da zona euro, a medra da economía española ven motivada por unha achega positiva tanto da demanda interna como da demanda externa (1,7% e 0,8%, respectivamente), ao igual que o acontecido na economía galega onde a demanda externa contribúe cun punto porcentual e a interna con oito décimas. Entre os compoñentes da demanda interna, na economía española cómpre mencionar a ralentización do ritmo de crecemento tanto do gasto en consumo final, impulsado polo comportamento do consumo privado, así

como a contracción do investimento medido en termos de formación bruta de capita; e no que respecta á demanda externa, as exportacións de bens e servizos presentan unha variación interanual do 2,3%, case trece puntos menos que no ano anterior, e as importacións do 0,3% fronte ao 7% de 2022. En comparación co acontecido na economía española, todos os compoñentes de consumo presentan un menor dinamismo que en España, ao tempo que o investimento se contrae en maior medida. Cómpre mencionar que é no consumo privado onde se aprecia un maior diferencial de crecemento, cunha medra do 1,8% en España fronte ao 0,5% en Galicia, situándose este diferencial en oito décimas o caso do consumo final das administracións públicas. Asemade, o investimento contráese en España un 0,4%, tres décimas menos que en Galicia.

Dende o lado da oferta, todos os sectores presentan taxas de crecemento interanual positivos agás o sector primario (-1,9%), presentando o sector servizos o maior dinamismo (3,2%). A construción medra un 2,3% respecto ao ano precedente en tanto que a industria experimenta unha medra do 1,8%. O diferencial de crecemento entre Galicia e España explícase polo mellor comportamento o conxunto do Estado do sector servizos (2,3% en Galicia), construción (0,8%) e industria manufactureira (1,7% fronte 3,3% en España), o que contrasta cunha menor contracción no sector primario galego (-0,9%).

A devandita evolución da actividade económica en España trasládase ao mercado de traballo, quen presenta un menor dinamismo da ocupación e unha redución do desemprego. Dunha banda, as contas económicas trimestrais indican unha medra do número de postos de traballo equivalente do 3,2%, sendo estas porcentaxe do 1,9% no caso das horas traballadas. Doutra banda, a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 3% respecto ao ano anterior, en tanto que as afiliacións o fan nun 2,7%. Doutra banda, a redución do desemprego é do 6,6% no caso do paro rexistrado nas oficinas de emprego e do 4,6% segundo a EPA, descendendo a taxa de paro ata o 12,1% en 2022.

No que respecta á situación competitiva das CCAA, os datos do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consello Xeral de Economistas, con datos para 2022, reflicten que a competitividade das CC.AA. melloraron de xeito significativo ao longo do ano, aínda que persisten diferencias entre elas. Galicia presenta unha medra da competitividade en torno ao 7% respecto á primeira estimación do ano anterior, mellorando así a súa posición relativa ao adiantar a Cantabria (ocupa a oitava posición). Con todo, Galicia mantense entre as rexións cun novel competitivo medio-baixo.

A análise do contexto macroeconómico internacional e estatal no que se desenvolve a economía galega estrutúrase en tres grandes bloques. En primeiro lugar, explícase a conxuntura económica mundial, facendo especial fincapé na situación da Unión Europea e a zona euro. A continuación analízase o panorama económico de España, e por último, faise mención á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Panorama económico internacional

A desaceleración da economía mundial e das economías avanzadas continúa no ano 2023 por mor do mantemento das tensións xeopolíticas -agravadas en 2024 polo conflito no Oriente Próximo e a súa repercusión no tráfico marítimo tanto no mar rojo como no estreito de Ormuz-, o incremento dos tipos de xuro ou o aínda elevado nivel de prezos. As estimacións presentadas polo Fondo Monetario Internacional no seu informe de perspectivas da economía mundial de abril de 2024 amosan un incremento interanual do PIB mundial do 3,2%, tres décimas por baixo do rexistrado no ano anterior. Das tres grandes economías –China, Estados Unidos e o conxunto de países da zona euro–, a zona euro presenta unha significativa desaceleración no ritmo de crecemento do PIB, estimándose unha medra interanual do 0,4%, tres puntos menos que no ano precedente. Por contra, a economía de China medra un 5,2% en 2023 fronte ao 3% do ano precedente, en tanto que en Estados Unidos, o PIB medra un 2,5%, seis décimas máis que en 2022.

Xunto á devandita evolución de China e Estados Unidos, **cadro 1.1.1.**, as estimacións do FMI reflicten que

Economía internacional 2020-29: evolución dos principais indicadores

	2020	2021	2022	2023	2024 (1)	2025 (1)	2029 (1)
Produto Interior Bruto real							
Economía mundial	–2,7	6,5	3,5	3,2	3,2	3,2	3,1
Economías avanzadas	–3,9	5,7	2,6	1,6	1,7	1,8	1,7
EE.UU.	–2,2	5,8	1,9	2,5	2,7	1,9	2,1
Xapón	–4,1	2,6	1,0	1,9	0,9	1,0	0,4
Zona Euro	–6,1	5,9	3,4	0,4	0,8	1,5	1,2
Alemaña	-3,8	3,2	1,8	-0,3	0,2	1,3	0,7
Francia	-7,5	6,3	2,5	0,9	0,7	1,4	1,3
Italia	-9,0	8,3	4,0	0,9	0,7	0,7	0,8
España	**-11,2**	**6,4**	**5,8**	**2,5**	**1,9**	**2,1**	**1,6**
Países emerxentes e en desenvolvemento	-1,8	7,0	4,1	4,3	4,2	4,2	3,9
China	2,2	8,4	3,0	5,2	4,6	4,1	3,3
India	-5,8	9,7	7,0	7,8	6,8	6,5	6,5
IPC *(medias anuais)*							
Economías avanzadas	0,7	3,1	7,3	4,6	2,6	2,0	2,0
EE.UU.	1,2	4,7	8,0	4,1	2,9	2,0	2,1
Xapón	0,0	-0,2	2,5	3,3	2,2	2,1	2,0
Zona Euro	0,3	2,6	8,4	5,4	2,4	2,1	1,9
Alemaña	0,4	3,2	8,7	6,0	2,4	2,0	2,0
Francia	0,5	2,1	5,9	5,7	2,4	1,8	1,7
Italia	–0,1	1,9	8,7	5,9	1,7	2,0	2,0
España	**–0,3**	**3,0**	**8,3**	**3,4**	**2,7**	**2,4**	**1,8**
Países emerxentes e en desenvolvemento	5,2	5,9	9,8	8,3	8,3	6,2	4,2
China	2,5	0,9	2,0	0,2	1,0	2,0	2,0
India	6,2	5,5	6,7	5,4	4,6	4,2	4,0
Taxa de desemprego							
Economías avanzadas	6,6	5,6	4,5	4,4	4,6	4,7	
EE.UU.	8,1	5,4	3,6	3,6	4,0	4,2	
Xapón	2,8	2,8	2,6	2,6	2,5	2,5	
Zona Euro	8,0	7,7	6,7	6,5	6,6	6,4	
Alemaña	3,6	3,6	3,1	3,0	3,3	3,1	
Francia	8,0	7,9	7,3	7,4	7,4	7,0	
Italia	9,4	9,5	8,1	7,7	7,8	8,0	
España	**15,5**	**14,8**	**12,9**	**12,1**	**11,6**	**11,3**	
Déficit público (% PIB)							
Economías avanzadas	–9,8	–7,8	–3,8	–5,6	–4,4	–4,2	
EE.UU.	–14,2	–12,5	–5,0	–8,7	–6,4	–6,7	
Xapón	–8,4	–7,7	–5,8	–7,2	–8,0	–4,6	
Zona Euro	–5,4	–4,6	–3,9	–3,4	–3,0	–2,6	
Alemaña	–2,6	–4,0	–3,2	–1,9	–2,0	–1,4	
Francia	–7,8	–5,7	–5,6	–6,4	–5,7	–5,7	
Italia	–10,1	–8,7	–9,0	–7,1	–5,0	–3,3	
España	**–4,1**	**–2,8**	**–2,0**	**–1,6**	**–1,3**	**–1,3**	
Países emerxentes e en desenvolvemento	-8,5	-5,0	-4,9	-5,4	-5,5	-5,3	
China	–9,7	–6,0	–7,5	–7,1	–7,4	–7,6	
India	–12,9	–8,6	–9,2	–8,6	–7,8	–7,6	

(1) Proxección

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *Perspectivas de la Economía Mundial, abril 2024*

1.1.1.

entre as principais economías da zona euro, España presenta novamente en 2023 a taxa de crecemento máis elevada, cun 2,5%, superando a Italia e Francia, cun 0,9%; o que contrasta coa contracción experimentada na economía alemá (-0.3%). Fóra da Unión Europea cómpre resaltar o dinamismo da actividade económica de India, cunha medra do 7,8%, oito décimas máis que no ano precedente, o do 1,9% en Xapón, o que supón nove décimas por riba do estimado para 2022. Fronte a este maior crecemento do PIB, a economía do Reino Unido caracterízase por unha significativa ralentización no seu crecemento, cunha medra de tan só un 0,1%, máis de catro puntos menos que no ano anterior (4,3%). Se se consideran as distintas áreas económicas, o conxunto de países emerxentes e en desenvolvemento de Asia presentan as maiores taxas de crecemento, cunha medra interanual do 5,6% (1,2 puntos máis que en 2022), por diante do 2,4% nos países emerxentes da África subsahariana, cun 3,4% (4% en 2022). No conxunto das economías avanzadas a medra interanual foi do 1,6%, un punto por baixo do estimado no ano anterior.

No concernente ás previsións para o ano 2024, a pesar da elevada e persistente incerteza xeopolítica, a posible escalada dos conflitos en Oriente medio e as súas repercusións no comercio internacional polo impacto no tráfico marítimo, tanto no mar rojo como polo estreito de Ormuz, ou a fragmentación dos principais mercados de materia primas, as estimacións do FMI presentan unha medra para 2024 e 2025 similar á do último ano, se ben para un horizonte de cinco ano presenta unha medra interanual do 3,1%, "a menor das últimas décadas". En concreto, este Organismo internacional prevé que a economía mundial manteña o seu rito de crecemento interanual no 3,2% a pesar da desaceleración estimada en China, India ou Xapón.


Ante os problemas do mercado inmobiliario en China, a incerteza xeopolítica, a súa minguante demanda interna ou o seu elevado nivel de débeda, se estima que a medra interanual do PIB se sitúe no 4,6%, seis décimas menos que no ano precedente (4,1% para 2025). Ante os problemas do seu mercado inmobiliario, a incerteza xeopolítica e unha minguante demanda interna, a produción industrial, investimento empresarial e as exportacións de China tamén se están debilitando, estimándose unha medra interanual do 4,6% para 2024, seis décimas menos que no ano precedente. Por contra, as outras dúas grandes economías –zona euro e Estados Unidos– presentan unha lixeira aceleración no seu ritmo de crecemento do PIB, sendo esta máis acusada en Estados Unidos, cunha medra do 2,7% respecto ao ano anterior e do 0,8% na zona euros (2,5% e 0,4%, respectivamente, en 2022).

Tras o persistente e acusado crecemento rexistrado en 2022, o ano 2023 caracterízase po unha moderación no ritmo de crecemento da inflación, medida polo incremento medio anual do índice de prezos ao consumo. Segundo reflicte o FMI no devandito informe, a inflación nas economías avanzadas situouse no 4,6% fronte aos 7,3% rexistrado no ano 2022, porcentaxe que se sitúa no 5,4% na zona euro e no 4,1% en Estados Unidos (8,4% e 8% no ano anterior, respectivamente). En China a alza dos prezos é do 0,2%, case dous puntos menos que no ano anterior, se ben prevese un incremento do 1% para o ano 2024. Fronte a esta moderación no incremento dos prezos, a inflación en Xapón no ano 2023 foi do 3,3%, o que supón oito décimas por riba do estimado no ano 2022.

Para facer fronte ao persistente incremento do nivel de prezos os bancos centrais aprobaron ao longo do ano 2022 subas de taxas de xuro que continuaron ao longo de 2023 (**cadro 1.1.2.**). En concreto, o Banco Central Europeo aprobou un total de seis, catro no primeiro semestre (febreiro, marzo, maio e xuño) e dúas no segundo semestre (agosto e setembro), pasando do 2,50% en decembro de 2022 ata o 4,50% acordado na reunión do 14 de setembro. No caso de Estados Unidos, a Reserva Federal aprobou dende decembro de 2022 un total de catro incrementos dos tipos de xuro, rematando o ano cun tipo do 5,25%.

No que á evolución do emprego se refire, a pesar da devandita moderación do dinamismo económico en 2022, a ocupación estimada nas economías avanzadas medra un 2,6% respecto ao ano anterior segundo as estimacións do FMI (1,7% en 2021), situándose este

Evolución dos tipos de xuro do Banco Central Europeo e Reserva Federal



Fonte: Banco de España e Reserva Federal dos EEUU

1.1.2.

crecemento no 3,7% en Estados Unidos e no 2,3% no conxunto dos países da zona euro (3,2% e 1,4% no ano anterior). Nesta área xeográfica cómpre salientar o incremento do 3,1% experimentado no mercado laboral español, fronte ao 2,1% experimentado en Francia (2,5% en Alemaña). En Xapón a ocupación mantén unha taxa de creación de emprego do 0,2%.


Xunto a esta mellora da ocupación mantense a caída da taxa de desemprego, que no conxunto das economías avanzadas descende ata o 4,4%, acadando novamente valores significativamente máis reducidos en Xapón, cun 2,6%. O conxunto de países da zona euro presenta unha taxa de desemprego sensiblemente superior á das economías avanzadas, cun 6,5%, a diferencia do que acontece en Estados Unidos, onde a taxa de paro mantense no 3,6%.

- **Unión Europea (UE-27)**

A economía europea en 2023 caracterízase pola significativa ralentización no seu ritmo de crecemento, presentando a principal economía da UE, Alemaña, unha contracción do seu PIB. O conxunto de países da UE e da zona euro presenta unha medra interanual do 0,4%, tres puntos por baixo do estimado no ano anterior (3,5% e 3,4%, respectivamente), presentando España o maior dinamismo entre as principais economías europeas, cun 2,5%, dúas décimas por riba do estimado para Portugal. En Italia e Francia a actividade económica medra un 0,9% e 0,7%, respectivamente. Fronte a este crecemento, a economía de Alemaña contráese un 0,3%.

O **cadro 1.1.3.** reflicte a devandita desaceleración. O PIB da economía europea, influenciada pola contracción da economía alemá por segundo trimestre consecutivo ou a dos Países Baixos por terceiro trimestre, presenta no derradeiro trimestre do ano un crecemento de tan só unha décima, situándose esta taxa de variación interanual no 0,7% no caso de Francia ou no 0,6% en Italia. Isto contrasta co significativo dinamismo da economía española e Portugal, cunha medra do 2% e 2,1%, respectivamente.

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2023. Taxas de variación interanual



	IV 2019	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV
		2020				2021				2022				2023			
Zona euro	01	-03	-14	-04	-04	00	15	05	05	05	04	03	02	01	01	00	00
UE-27	01	-02	-13	-04	-04	00	14	05	06	06	04	03	02	01	01	00	00
Alemaña	01	-02	-11	-03	-02	-02	11	02	02	04	02	01	01	00	00	00	00
Francia	01	-05	-18	-04	-04	02	18	03	05	04	04	01	01	01	01	01	01
Portugal	03	-03	-18	-06	-07	-05	17	05	07	12	07	05	03	03	03	02	02
España	02	-05	-22	-09	-09	-04	19	05	07	07	07	05	04	04	02	02	02

Fonte: Eurostat


1.1.3.

En relación ao inicio da crise económica orixinada pola pandemia, a recuperación do PIB comunitario e do conxunto de países da zona euros é superior á estimada para a economía española. En concreto, no cuarto trimestre de 2023 o PIB real na UE supera en 3,6 puntos o estimado para o mesmo período de 2019, sedo este incremento do 3% na zona euro, en tanto que en España, o PIB sitúase 2,9 puntos por riba do nivel precrise. Como amosa o **gráfico 1.1.4.**, no derradeiro trimestre de 2023 o PIB de Portugal supera en 5,4 puntos o nivel precrise, fronte aos 4,2 puntos de Italia ou os 1,9 de Francia. Por contra cómpre resaltar que Alemaña, tras entrar en recesión técnica no segundo semestre do ano, presenta un PIB real tan só unha décima superior ao rexistrado no derradeiro trimestre de 2019.

A recuperación da actividade económica na UE-27 ven explicada pola achega positiva da demanda externa ao crecemento agregado do PIB, en tanto que a demanda interna detrae dúas décimas. Como amosa o **cadro 1.1.5.**, a forte desaceleración do gasto en consumo final ven explicada en maior medida pola ralentización do consumo privado, que medra un 0,4% fronte ao 4,2% do ano anterior, en tanto que o investimento, medido pola formación bruta de capital fixo, medra un 1,5% respecto ao ano anterior, un punto e dúas décimas por baixo do estimado en 2022. O gasto en consumo das administracións públicas presenta unha medra interanual do 1%, tres décimas menos que no ano anterior.

No concernente á demanda externa, tanto as exporta-

Evolución do PIB real na UE-27 e nas principais economías europeas, 2019-2023. (Base IV trim. 2019 = 100)



Fonte: Eurostat

1.1.4.

PIB na UE-27 no período 2019-2023: distribución segundo compoñentes


	2019	2020	2021	2022	2023
		(%)			
Gasto en consumo final	1,6	-4,8	4,5	3,2	0,5
Gasto en consumo final do sector privado	1,5	-7,1	4,6	4,1	0,4
Gasto en consumo final das administracións públicas	1,9	1,1	4,1	1,3	1,0
Formación Bruta de Capital Fixo	6,5	-5,2	3,5	2,7	1,5
Achega demanda interna (1)	2,3	-5,0	4,9	3,5	-0,2
Exportacións de bens e servizos	3,4	-8,5	11,3	7,4	-0,2
Importacións de bens e servizos	4,8	-7,9	9,7	8,0	-1,4
Achega demanda externa (1)	-0,5	-0,6	1,1	0,0	0,6
PIB	1,8	-5,6	6,0	3,5	0,4

(1) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: Eurostat

1.1.5.

Evolución mensual do índice dos prezos ao consumo armonizado: 2021-23



Fonte: Eurostat

1.1.6.

cións como as importacións de bens e servizos presentan no último ano unha contracción no seu ritmo de crecemento. Dunha banda, as exportacións presentan unha caída interanual do 0,2%, cando no ano anterior aumentaran un 7,4%; doutra, as importacións caen un 1,4% respecto ao ano anterior fronte ao incremento do 8% estimado en 2022.

Tal coma se mencionou anteriormente, o ano 2023 caracterizouse por unha moderación no ritmo de crecemento dos prezos. Os datos publicados por Eurostat reflicten que o índice de prezos harmonizado (IPCH) remata o ano cunha medra interanual en decembro do 3,4% na UE-27 e do 2,9% nos países da zona euro (10,4% e 9,2% no ano precedente). Entre as principais economías, a taxa de inflación máis reducida rexístrase en Italia, cunha medra do 0,5%, fronte aos 4,1% de Francia e o 3,8% en Alemaña. En decembro de 2023 o IPCH situouse en España no 3,3% e no 1,9% en Portugal.

Atendendo á súa evolución ao longo do ano, o **cadro 1.1.6.** recolle como, con carácter xeral, o IPCH amosa unha tendencia descendente ao longo de todo o ano na meirande parte dos países considerados, que acadan os valores máis elevados nos meses de xaneiro e febreiro. Con todo, en España este índice de prezos presenta o seu valor máis reducido no mes de xuño, cunha medra interanual do 1,6%, aumentando posteriormente ata os devanditos 3,3% de decembro.

No concernente ao mercado de traballo, a taxa de de-

Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE-27, 2019-24

	PIB				Inflación media (1)				Desempregо				Déficit Público (1)			
	2019	2022	2023	2024	2019	2022	2023	2024	2019	2022	2023	2024	2019	2022	2023	2024
	(taxa de variación anual)				*(taxa de variación anual)*				*(%)*				*(taxa de variación anual)*			
Bélxica	2,3	3.2	1.2	1,4	1,2	10.3	3.4	3,5	5,5	5.6	5.8	5,7	-2,0	-3.9	-5.0	-4,7
Alemaña	1,1	1.8	0.2	1,4	1,4	8.7	6.8	2,7	3,0	3.1	3.2	3,1	1,5	-2.6	-2.3	-1,2
Estonia	3,7	-1.3	-0.4	3,1	2,3	19.4	9.2	2,8	4,5	5.6	6.2	6,1	0,1	-0.9	-3.1	-2,7
Irlanda	5,4	12.0	5.5	5,0	0,9	8.1	4.6	2,6	5,0	4.5	4.3	4,3	0,5	1.6	1.7	2,2
Grecia	1,9	5.9	2.4	1,9	0,5	9.3	4.2	2,4	17,9	12.5	12.2	11,8	0,9	-2.3	-1.3	-0,6
España	**2,0**	**5.5**	**1.9**	**2,0**	**0,8**	**8.3**	**4.0**	**2,7**	**14,1**	**12.9**	**12.7**	**12,4**	**-3,1**	**-4.8**	**-4.1**	**-3,3**
Francia	1,8	2.6	0.7	1,4	1,3	5.9	5.5	2,5	8,4	7.3	7.4	7,5	-3,1	-4.7	-4.7	-4,3
Croacia	3,4	6.2	1.6	2,3	0,8	10.7	6.9	2,2	6,6	7.0	6.6	6,1	0,2	0.4	-0.5	-1,3
Italia	0,5	3.7	1.2	1,1	0,7	8.7	6.1	2,9	9,9	8.1	7.8	7,7	-1,5	-8.0	-4.5	-3,7
Chipre	5,5	5.6	2.3	2,7	0,5	8.1	3.8	2,5	7,1	6.8	6.9	6,4	1,3	2.1	1.8	2,1
Letonia	2,6	2.8	1.4	2,8	2,7	17.2	9.3	1,7	6,3	6.9	6.8	6,5	-0,6	-4.4	-3.8	-2,7
Lituania	4,6	1.9	0.5	2,7	2,2	18.9	9.2	2,2	6,3	6.0	6.6	6,5	0,5	-0.6	-1.7	-1,4
Luxemburgo	2,3	1.5	1.6	2,4	1,7	8.2	3.2	2,6	5,6	4.6	4.8	5,0	2,2	0.2	-1.7	-1,5
Malta	7,0	6.9	3.9	4,1	1,5	6.1	5.4	2,8	3,6	2.9	2.9	2,9	0,5	-5.8	-5.1	-4,5
Países Baixos	2,0	4.5	1.8	1,2	2,7	11.6	4.9	3,3	4,4	3.5	3.8	3,9	1,8	0.0	-2.1	-1,7
Austria	1,5	5.0	0.4	1,6	1,5	8.6	7.1	3,8	4,8	4.8	4.9	5,0	0,6	-3.2	-2.4	-1,3
Portugal	2,7	6.7	2.4	1,8	0,3	8.1	5.1	2,7	6,7	6.0	6.5	6,3	0,1	-0.4	-0.1	-0,1
Eslovaquia	2,5	1.7	1.7	2,1	2,8	12.1	10.9	5,7	5,7	6.1	5.8	5,4	-1,2	-2.0	-6.1	-4,8
Eslovenia	3,5	5.4	1.2	2,2	1,7	9.3	7.0	3,8	4,4	4.0	3.9	3,8	0,7	-3.0	-3.7	-2,9
Finlandia	1,2	2.1	0.2	1,4	1,1	7.2	4.8	2,1	6,8	6,8	7.1	6,8	-0,9	-0.9	-2.6	-2,6
Bulgaria	4,0	3.4	1.5	2,4	2,4	13.0	9.4	4,2	5,2	4.3	4.3	4,0	2,1	-2.8	-4.8	-4,8
Rep. Checa	3,0	2.5	0.2	2,6	2,6	14.8	11.9	3,4	2,0	2.2	2.8	2,6	0,3	-3.6	-3.6	-3,0
Dinamarca	1,5	3.8	0.3	1,5	0,7	8.5	4.3	2,5	5,0	4.5	5.0	5,1	4,1	3.3	2.3	1,3
Hungría	4,9	4.6	0.5	2,8	3,4	15.3	16.4	4,0	3,3	3.6	4.2	4,0	-2,0	-6.2	-4.0	-4,4
Polonia	4,5	5.1	0.7	2,7	2,1	13.2	11.7	6,0	3,3	2.9	3.3	3,2	-0,7	-3.7	-5.0	-3,7
Rumanía	3,9	4.7	3.2	3,5	3,9	12.0	9.7	4,6	4,9	5.6	5.4	5,1	-4,3	-6.2	-4.7	-4,4
Suecia	2,0	2,6	-0,5	1,1	1,7	8,1	6,0	1,9	7,0	7,5	7,7	8,2	0,6	0.7	-0.9	-0,5
UE-27	**1,8**	**3.5**	**1,0**	**1,7**	**1,4**	**9,2**	**6,7**	**3,1**	**6,8**	**6,2**	**6,2**	**6,1**	**-0,5**	**-3,4**	**-3,1**	**-2,4**

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible

(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA,PP, en porcentaxe do PIB

Fonte: Eurostat; e Comisión Europea, *Pronóstico primavera 2023 - Anexo estatístico, maio 2023*

1.1.7.


sempregо da UE-27 descende no ano 2023 ata o 6%, dúas décimas menos que a estimada no ano anterior, situándose no 6,5% no conxunto dos países da zona euro (6,8% no ano 2022). Como reflicte o cadro 1.1.7., España mantense como a economía co maior nivel de desempregо, cun 12,1%, superando a Grecia, que presenta unha taxa de paro do 11,1%, o que contrasta co 3% rexistrado en Alemaña, o 6,5% de Portugal ou o 7,3% de Francia.

Asemade, cómpre mencionar que a taxa de paro xuvenil mantense na UE no 14,5% (14,4% na zona euro), situándose no último ano España como o país coa taxa máis elevada, cun 28,5%, por diante de Grecia, co 26,7%. No extremo oposto sitúase Alemaña, cunha taxa de desempregо xuvenil do 5,8% (6% no ano precedente). En Italia esta taxa descende ata o 22,7%, fronte ao 20,3% de Portugal e o 17,2% de Francia.

Panorama económico de España

No devandito contexto de incerteza por mor das tensións xeopolíticas, a forte desaceleración da economía europea e da zona euros, ou unha política monetaria restritiva co obxecto de controlar a inflación, a economía española presenta en 2023 unha medra interanual

PIB en Galicia e España 2008-23 (1)(2): evolución



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario
(2) Os datos dos anos 2020 son provisionais. Os datos dos anos 2021 e 2022 son avance
Fonte: INE, *Contabilidad nacional trimestral de España.* e IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.1.8.

do 2,5%, lonxe do 5,8% estimado para o exercicio 2022 (**cadro 1.1.8.**).

Ao igual que no ano anterior, tanto a demanda interna como externa contribúen positivamente ao crecemento agregado do PIB. O cadro macroeconómico reflectido no **cadro 1.1.9.** amosa que a demanda interna achega 1,7 puntos fronte aos 0,8 puntos da demanda externa cando en 2022 a evolución da economía española viña apoiada fundamentalmente pola contribución de 2,9 puntos tanto da demanda interna como externa.

Entre os compoñentes da demanda interna, por terceiro ano consecutivo tanto o gasto en consumo final como o investimento, medido en termos da formación bruta de capital (FBC), presentan taxas de variación interanual positivas, se ben ambas as dúas variables presentan unha importante desaceleración. En concreto, o gasto en consumo final medra un 2,3% (3,4% no ano anterior) derivado tan só da desaceleración do consumo dos fogares, que crece un 1,8% respecto ao ano anterior, tres puntos menos que en 2022, o que contrasta co gasto público, que medra un3,8% (contráese un 0,2% no ano precedente). Doutra banda, a formación bruta de capital medra un 0,8% cando en 2022 o facía nun 2,4%.

No concernente á demanda externa, as exportacións de bens e servizos presentan no conxunto do ano 2023 unha medra interanual do 2,3%, dous puntos por riba do experimentado no caso das importacións. En ambos os dous casos, aumentan as compras e as vendas de servizos (3,7% e 12%, respectivamente), o que contrasta coa contracción experimentada tanto nas importacións de bens (-0,3%) como das exportacións (-1,6%).

Dende o lado da oferta, a análise do cadro macroeconómico de España amosa que, ao igual que no ano anterior, todos os sectores agás o primario rexistran taxas de crecemento positivas. Dunha banda, o sector servizos é o que presenta o maior dinamismo, cunha medra interanual do 3,2%, case cinco puntos menos que no ano anterior. Doutra, a construción e o sector industrial

PIB en España 2022-23: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2022	2023	2022				2023			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	**3,4**	**2,3**	**4,7**	**3,1**	**3,7**	**2,0**	**2,4**	**2,5**	**1,6**	**2,8**
Gasto en consumo final dos fogares	4,8	1,8	6,8	5,0	5,4	2,2	2,7	1,8	0,4	2,3
Gasto en consumo final das ISFLSH	-0,2	2,2	-2,0	-0,6	0,5	1,5	-1,1	3,5	3,5	2,8
Gasto en consumo final das AA.PP.	-0,2	3,8	0,0	-1,7	-0,6	1,6	1,8	4,5	4,7	4,1
Formación bruta de capital (FBC)	**1,4**	**-0,4**	**5,4**	**3,3**	**0,8**	**-3,6**	**-2,4**	**-0,1**	**0,9**	**-0,1**
Formación bruta de capital fixo	2,4	0,8	2,8	3,1	4,0	-0,4	-0,2	1,3	0,0	2,1
Activos fixos materiais	2,1	1,0	1,8	2,7	3,9	-0,1	0,4	1,7	0,1	1,9
Construción	2,6	2,3	1,1	4,3	3,7	1,2	3,1	3,5	1,1	1,6
Bens de equipo	1,9	-1,6	3,9	0,8	4,9	-2,0	-4,2	-1,8	-1,9	1,9
Productos da propiedade intelectual	3,8	-0,3	7,4	5,2	4,6	-1,9	-2,8	-0,7	-0,4	3,0
Demanda interna (2)	**2,9**	**1,7**	**4,9**	**3,1**	**3,0**	**0,7**	**1,4**	**1,9**	**1,4**	**2,1**
Exportacións de bens e servizos	**15,2**	**2,3**	**18,0**	**21,9**	**12,9**	**8,7**	**9,7**	**-0,0**	**-1,0**	**1,0**
Exportacións de bens	4,5	-1,6	0,4	5,5	4,7	7,5	6,4	-2,6	-6,4	-3,2
Exportacións de servizos	48,6	12,0	88,8	79,4	38,1	13,3	17,8	6,6	12,4	11,5
Importacións de bens e servizos	**7,0**	**0,3**	**12,2**	**9,8**	**6,5**	**0,1**	**2,3**	**-0,3**	**-2,4**	**1,7**
Importacións de bens	5,4	-0,3	9,5	7,6	5,4	-0,5	1,8	-0,2	-3,4	0,7
Importacións de servizos	15,3	3,7	27,1	21,0	12,6	3,0	5,4	-0,4	2,9	6,9
Demanda externa (2)	**2,9**	**0,8**	**1,9**	**4,1**	**2,3**	**3,1**	**2,7**	**0,2**	**0,5**	**-0,1**
PIB a prezos de mercado	**5,8**	**2,5**	**6,8**	**7,2**	**5,4**	**3,8**	**4,1**	**2,0**	**1,9**	**2,0**
Agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca	-19,8	-1,9	-12,2	-20,7	-26,9	-19,3	-7,1	-2,1	1,7	0,4
Industria	2,6	1,8	1,6	3,6	3,2	1,8	4,3	0,9	0,5	1,8
Industria manufactureira	4,4	3,3	6,5	6,0	3,1	2,4	5,1	2,2	2,9	2,9
Construción	3,2	2,3	0,6	4,8	4,7	2,7	4,0	2,2	1,0	1,9
Servizos	8,0	3,2	9,0	9,5	7,6	5,9	5,0	2,9	2,7	2,3
Impostos netos sobre os produtos	**4,1**	**-0,2**	**8,8**	**6,1**	**2,6**	**-0,7**	**-0,1**	**-1,3**	**-0,3**	**0,8**

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario.

(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: INE, *Contabilidad nacional trimestral de España.*

1.1.9.

caracterízanse tamén por unha ralentización no seu ritmo de crecemento ao medrar un 2,3% e 1,8%, respectivamente. Por contra, o sector primario rexistra unha contracción do 1,9% na xeración do VEB fronte ao descenso interanual do 19,8% en 2022.

Atendendo á súa desagregación segundo ramas de actividade, cómpre mencionar en primeiro lugar pola súa importancia o crecemento interanual experimentado polo subsector do comercio, transporte e hostalería (seccións G-I, CNAE 2009), cunha medra interanual do 4,6%. As ramas que presentan as taxas de variación máis elevadas son as actividades artísticas, recreativas e outros servizos (seccións R-T), cun 8,9%; e as actividades financeiras e de seguros (sección K) cunha medra interanual do 6,3%. Xunto a estes cómpre mencionar o incremento do 2,8% do veb xerado polas actividades de administración pública, educación e sanidade (seccións O-Q), o que contrasta coa contracción estimada no ano anterior (-0,2%). No ámbito industrial cómpre mencionar o incremento internanual do 3,3% no sector manufactureiro, máis dun punto menos que no ano precedente (4,4%).

Asemade, cómpre salientar que os datos correspondentes ao índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo, prezos industriais e custos laborais, reflicten que España presenta unha mellora de competitividade respecto ao conxunto dos países da UE-27 e da zona euro en ter-

Indices de competitividade de España 2019-23 (1)

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-27			Fronte a novos países industrializados de Asia (2)	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
				(base 1999 =100)				
2019	107,3	109,3	98,7	105,0	107,3	95,8	86,6	91,9
2020	106,5	108,0	103,3	104,3	106,3	100,4	86,5	90,9
2021	107,1	110,5	103,7	104,7	108,6	100,6	86,9	95,7
2022	107,0	112,8	101,1	104,4	110,6	98,0	85,4	102,8
2023	104,9	110,9	101,1	101,8	108,6	97,6	92,2	109,1

(1) a caída no índice reflicte melloras na competitividade
(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.
Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.10.

mos de prezos industriais como en termos de IPC. Por contra, tal e como amosa o cadro 1.1.10., en 2023 prodúcese unha acusada perda de competitividade en relación aos novos países industrializados de Asia tanto en relación aos prezos industriais como en termos do IPC.

Atendendo á distribución funcional da renda, os datos da Contabilidade trimestral do INE amosan unha recuperación tanto da remuneración por asalariado como polo excedente bruto de explotación/rendas mixtas, sendo este máis intenso no caso do remuneración de asalariados que no do PIB en termos correntes. Dunha banda, a RA aumentou en España un 8,8% en relación ao ano anterior (7,3% en 2022), en tanto que a taxa de variación interanual do PIB foi do8,6%, lonxe do 10,2% do ano anterior. Deste xeito, o peso da remuneración de asalariados aumenta ata o 47,9%, unha décima superior á do ano anterior (**cadro 1.1.11.**).

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo os salarios aos traballadores, presenta no ano 2023 unha medra medio anual do 8,4%, case sete puntos inferior ao rexistrado no ano anterior (15,1%). Finalmente, os impostos netos sobre a produción e as importacións aumentan un 8,4% fronte ao 4,4% experimentada no ano anterior. Tras esta evolución mantense tanto o peso relativo do EBE/RM como o dos impostos netos, que representan o 42,4% e 9,8% do PIB, respectivamente.

A devandita evolución da actividade económica trasládase ao mercado de traballo, que presenta unha moderación no ritmo de crecemento da ocupación e unha maior redución do desemprego no conxunto do ano 2023. Dunha banda, as contas económicas amosan que o incremento interanual da ocupación –medido en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo– foi do 3,2%, medio punto inferior ao do ano anterior; doutra, a poboación ocupada estimada pola EPA presenta un ritmo de crecemento do 3% e o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España medra un 2,7%, sendo estas porcentaxe do 3,1% e 3,9 %, respectivamente. Se se considera o número de horas traballadas (contas económicas), 2023 presenta unha medra do 1,9%, o que supón dous puntos menos que no ano precedente.

Doutra banda, o número de persoas paradas rexistradas nas oficinas do Servizo Público de Emprego redúcese un 6,6% respecto ao ano anterior, sendo esta redución do 4,6% no caso da poboación parada estimada pola EPA. A taxa de paro en España descende ata o 12,1%, a porcentaxe máis elevada de toda a UE-27, situándose esta taxa no 6% no conxunto da UE e no 6,5% na zona euro. Entres as principais economías, salienta Alemaña, cun 3%, presentando Francia e Italia

Distribución funcional da renda en España 2019-2023 (1)

	PIB a prezos de mercado	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións
		(en millóns de euros)		
2019	1.245.513	580.195	537.739	127.579
2020	1.119.010	560.696	456.376	101.938
2021	1.222.290	599.363	496.538	126.389
2022	1.346.377	643.047	571.410	131.920
2023	1.461.889	699.684	619.254	142.951
				144.003
		(% / PIB)		
2008	100,0	49,0	43,1	7,9
2013	100,0	45,8	44,6	9,6
2019	100,0	46,6	43,2	10,2
2020	100,0	50,1	40,8	9,1
2021	100,0	49,0	40,6	10,3
2022	100,0	47,8	42,4	9,8
2023	100,0	47,9	42,4	9,8

(1) PIBpm (prezos correntes); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario
(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.
(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: INE, *Contabilidad nacional trimestral de España.*

1.1.11.

unhas taxas superiores á media comunitaria (7,3% e 7,7%, respectivamente).


• Comunidades Autónomas

O obxectivo deste apartado é realizar unha visión xeral do contexto socioeconómico no que se desenvolven as distintas CC.AA. e presentar a situación relativa de Galicia respecto a todas elas. Esta análise parte da consideración das taxas de crecemento do PIB en catro comunidades autónomas do norte de España e a recuperación da súa economía dende o inicio da crise orixinada pola covid-19. A continuación, o estudo do posicionamento relativo das CC.AA. realízase tendo en conta variables como o PIB per cápita e os grandes agregados de emprego, para analizar posteriormente a competitividade rexional. Neste último caso, preséntanse inicialmente os indicadores sintéticos recollidos no "Informe de la Competitividad Regional en España 2023" elaborado polo Colexio Xeral de Economistas no seu. Por último, considéranse as principais variables das consideradas pancas dinámicas da competitividade correspondentes ao capital humano e coñecemento.

A pesar da desaceleración no ritmo de crecemento da economía española e galega, en 2023 a taxa de variación anual do PIB en España sitúase no 2,5% e o galego no 1,8%, porcentaxes significativamente superiores aos rexistrados no conxunto de países da zona euro e da UE. Comparado coa evolución doutras CC.AA. do norte peninsular, cómpre indicar que as taxas da crecemento son superiores á media española en Cataluña e Aragón, cunha medra interanual do 2,6%, ou Navarra, cun 1,9%, sendo similar á rexistrada no País Vasco, cun 1,8%.

Con todo, a pesar deste diferencial nas taxas de crecemento cómpre resaltar que o PIB real de Galicia presenta unha recuperación superior á rexistrada no conxunto da Unión Europea e dos países da zona euro, así como de economías como Italia, que no derradeiro trimestre de 2023 supera en 4,2 puntos o nivel acadado no cuarto trimestre de 2019, situándose este diferen-

Recuperación da actividade económica dende o inicio da crise ecónomica orixinada polo coronavirus.




Fonte:XXXXXXX

1.1.12.

cial en Francia en 1,9 puntos, ou Alemaña, onde o nivel de actividade económica é de tan só unha décima superior á rexistrada no mesmo trimestre de 2019. Doutra banda, a recuperación da actividade económica de Galicia é superior á estimada non só no conxunto de España (4,3 puntos e 2,9 puntos, respectivamente) senón tamén á de CC.AA. como Cataluña, que supera en 3,4 puntos o PIB real do cuarto trimestre de 2019, ou Navarra, con 3,1 superio. Fronte a esta evolución, o País Vasco presenta unha recuperación máis feble que no conxunto do Estado, situábase o PIB real no cuarto trimestre do último ano 2,6 puntos por riba do acadado no mesmo período de 2019 (**gráfico 1.1.12.**).

Os datos recollidos na Contabilidade Rexional de España, publicada polo INE en decembro de 2023 con datos para o período 2000-2022 (**cadro 1.1.13.**) reflicten o devandito impacto asimétrico da covid nas diferentes CC.AA. e a posterior recuperación. Galicia foi unha das CC.AA. con menor incidencia da crise en termos de caída do PIB, sendo unha das oito CC.AA. que en 2022 presentan un PIB real superior ao nivel precrise xunto a Madrid, C. Valenciana, Murcia, País Vasco, A Rioxa, Cantabria e Navarra. En termos per cápita o PIB no ano 2022 en Galicia foi de 25.906 euros, o que a sitúa nunha posición intermedia respecto das CCAA, ascendendo este a 28.162 euros no conxunto do Estado e aos 35.440 euros da UE-27. Nese último ano dúas CC.AA. presentaban un PIB por habitante superior á media europea (Madrid e País Vasco) e outras cinco un nivel superior á media española (Navarra, Cataluña, Aragón, Baleares e A Rioxa).

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2023. Taxas de variación interanual



	IV 2019	I	II	III	IV 2020	I	II	III	IV 2021	I	II	III	IV 2022	I	II	III	IV 2023
Zona euro	01	-03	-14	-04	-04	00	15	05	05	05	04	03	02	01	01	00	00
UE-27	01	-02	-13	-04	-04	00	14	05	06	06	04	03	02	01	01	00	00
Alemaña	01	-02	-11	-03	-02	-02	11	02	02	04	02	01	01	00	00	00	00
Francia	01	-05	-18	-04	-04	02	18	03	05	04	04	01	01	01	01	01	01
Portugal	03	-03	-18	-06	-07	-05	17	05	07	12	07	05	03	03	03	02	02
España	02	-05	-22	-09	-09	-04	19	05	07	07	07	05	04	04	02	02	02

Fonte: Eurostat

1.1.13.

En termos de emprego, os datos por CC.AA. proporcionados pola EPA permiten facer unha análise máis actualizada con datos estimados para o ano 2023. Unha primeira aproximación ao mercado de traballo pode facerse a partir dos valores dos grandes agregados recollidos no **cadro 1.1.14.**: taxas de actividade, ocupación e desemprego.

Dunha banda, a taxa de actividade sitúase en España no 59% fronte ao 53,2% de Galicia, en tanto que as taxas de ocupación e paro sitúanse no 51,8% e 12,1%, respectivamente (48% e 9,7% en Galicia). Comparativamente co resto das CC.AA., Galicia mantense como a segunda Comunidade coa taxa de actividade máis reducida, tan só por diante de Asturias (50,7%); e se sitúa como a cuarta CA cunha menor taxa de ocupación, só por diante de Andalucía (46,9%), Estremadura (46,5%) e Asturias (44,5%). Doutra banda, no que á taxa de desemprego se refire, Galicia ocupa unha posición intermedia, aínda que o nivel de paro atópase lonxe das rexistradas no País Vasco (7,6%), Cantabria (8,1%) ou Aragón (8,3%). A diferenza do que acontece no ano anterior, a taxa de paro xuvenil en Galicia sitúase por baixo da estimada no conxunto do Estado, acadando un valor de 24,4% e 28,5%, respectivamente.

No concernente á análise da situación competitiva das Comunidades Autónomas, este pode realizarse a partir dos valores do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) que anualmente elabora o Consello Xeral de Economistas. No seu "Informe de la Competitividad Regional en España 2023", con datos correspondentes ao

Emprego nas CC.AA. 2022-23

	2023				2022			
	Taxa Actividade	Taxa Ocupación	Taxa paro	Taxa paro xuvenil	Taxa Actividade	Taxa Ocupación	Taxa paro	Taxa paro xuvenil
		(%)				(%)		
Andalucía	57,3	46,9	18,2	39,4	56,6	45,9	19,0	35,3
Aragón	58,7	53,8	8,3	22,3	58,8	53,3	9,4	24,0
Asturias	50,7	44,5	12,1	27,3	49,8	43,5	12,6	37,8
Baleares	63,8	57,1	10,4	19,7	64,1	57,1	10,9	23,2
Canarias	59,7	50,2	16,0	33,6	59,1	48,7	17,6	43,9
Cantabria	55,0	50,6	8,1	20,2	54,8	49,6	9,4	25,5
Castela e León	54,7	49,5	9,6	27,1	55,0	49,6	9,8	26,7
Castela-A Mancha	59,1	51,4	13,1	29,2	59,2	50,7	14,3	32,7
Cataluña	61,6	56,0	9,1	21,7	60,9	55,0	9,7	24,1
C. Valenciana	59,2	51,7	12,6	27,9	58,7	50,9	13,2	28,7
Estremadura	56,2	46,5	17,4	36,7	55,6	46,0	17,3	39,4
Galicia	**53,2**	**48,0**	**9,7**	**24,4**	**53,0**	**47,1**	**11,0**	**32,5**
Madrid	63,4	56,9	10,2	28,4	63,5	56,3	11,2	29,4
Murcia	59,7	52,1	12,6	28,7	59,7	51,8	13,3	29,1
Navarra	59,1	53,2	9,9	26,3	59,0	53,3	9,6	22,3
País Vasco	56,8	52,5	7,6	24,1	56,5	51,6	8,6	26,0
A Rioxa	59,3	53,9	9,2	27,7	59,8	54,2	9,5	26,4
Ceuta	61,3	44,8	26,9	54,6	62,0	44,4	28,4	44,4
Melilla	57,3	43,9	23,5	42,7	61,5	48,3	21,6	52,4
Total	**59,0**	**51,8**	**12,1**	**28,5**	**58,7**	**51,1**	**12,9**	**29,8**

Fonte: *INE,EPA*

1.1.14.

Ranking das CC.AA. segundo o Índice de Competitividade Rexional 2019-2022

	2019	2020	2021	2022
1	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid
2	Navarra	Navarra	Navarra	País Vasco
3	País Vasco	País Vasco	País Vasco	Navarra
4	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña
5	A Rioxa	A Rioxa	Aragón	A Rioxa
6	Aragón	Aragón	A Rioxa	Aragón
7	Castela e León	Castela e León	Castela e León	Castela e León
8	Galicia	Cantabria	Cantabria	Galicia
9	Cantabria	Galicia	Galicia	Cantabria
10	C. Valenciana	Asturias	Asturias	Asturias
11	Asturias	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana
12	Murcia	Murcia	Murcia	Murcia
13	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha
14	Baleares	Baleares	Baleares	Baleares
15	Canarias	Canarias	Canarias	Canarias
16	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía
17	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura

Fonte: Consejo General de Economistas, *Informe de la Competitividad Regional en España 2023*

1.1.15.

Perfil do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) en Galicia 2022

	Posición	Nivel competitivo	Tendencia
Eixo 1.- Entorno económico	9	Medio-Baixo	Superior á media
Eixo 2.- Mercado de traballo	10	Medio-Alto	Inferior á media
Eixo 3.- Capital humano	6	Medio-Alto	Superior á media
Eixo 4.- Entorno institucional	6	Alto	Superior á media
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	12	Baixo	Sen cambios
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	15	Baixo	Superior á media
Eixo 7.- Innovación	6	Medio-Baixo	Superior á media
Galicia	**8**	**Medio-Baixo**	**Superior á media**

Fonte: Consejo General de Economistas, *Informe de la Competitividad Regional en España 2023*

1.1.16.

ano 2022, recolle que a pesar da incerteza que caracterizou o ano 2022, por mor da guerra na Ucraína e da acusada medra do nivel de prezos, a competitividade das CC.AA. mellorou de xeito substancial, aínda que persisten notables diferencias entre elas. O valor do ICREG reflicte que Galicia presenta unha medra da competitividade en torno ao 7% en relación á primeira estimación do ano anterior, situándose o seu valor en 8,70.

Os distintos indicadores seleccionados na elaboración do devandito Índice anual de Competitividade, que se agrupan en sete eixos competitivos (entorno económico, mercado de traballo, capital humano, entorno institucional, infraestruturas básicas, eficiencia empresarial e innovación), permiten identificar os factores determinantes para a competitividade e proporciona información sobre as claves para a súa mellora.

Tal como se observa no **cadro 1.1.15.**, a Comunidade de Madrid, xunto con Navarra e o País Vasco conforman o grupo competitivo relativo alto, manténdose sólido o denominado "triángulo competitivo", formado polos vértices de País Vasco, Cataluña e Madrid. O grupo de nivel Medio-Alto queda constituído tan só por Cataluña, en tanto que Aragón, A Rioxa, Castela e León, Cantabria e Galicia clasifícanse no nivel competitivo relativo Medio-Baixo. A pesar de manterse neste último grupo, Galicia mellora a súa posición relativa ascendendo ao oitavo posto adiantando a Cantabria.

A pesar de que Galicia presenta no ano 2022 un nivel de competitividade relativo medio baixo, o entorno institucional (eixo 4) segue a rexistrar un nivel alto en contraposición novamente co acontecido coas infraestruturas básicas (eixo 5) e a eficiencia empresarial (eixo 6).
No que á intensidade do dinamismo competitivo da economía galega se refire, Galicia está encadrada entre as CC.AA. cun crecemento superior á media estatal, xunto con Cantabria, Baleares, Asturias, Cataluña e Canarias. O **cadro 1.1.16.** amosa o comportamento dos eixos en Galicia: dunha banda, cinco dos sete eixos considerados presentan unha tendencia superior á media das CC.AA –entorno económico e institucional (eixos 1 e 4), capital humano (eixo 3), eficacia empresarial (eixo 6), e innovación (eixo 7)–; doutra banda, o mercado de traballo (eixo 2) presenta o peor comportamento, cun dinamismo relativo inferior á media, manténdose sen cambios o eixo correspondente ás infraestruturas básicas (5).

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á variación do PIB e ao coeficiente de apertura externa (eixo 1); taxa de

Indicadores de competitvidade: palancas dinámicas, capital humano

	Médicos	Formación		Mercado de traballo			
		Pob. 25-34 con educación secundaria ou terciaria		Taxa Ocupación 15-64 anos	Taxa ocup. Feminino 15-64 anos	Taxa ocup. 55-64 anos	Taxa paro xuvenil
	2021 *(médicos / 100.000 hab)*	2022 *(% poboación 25-34 anos)*	2022 *(% mulleres 25-34 anos)*	2022 *(% poboación 15-64 anos)*	2022 *(% poboación feminina 15-64 anos)*	2022 *(% poboación 55-64 anos)*	2022 *(%)*
Andalucía	368,0	66,5	53,8	56,5	49,7	47,4	35,3
Aragón	576,3	78,0	51,1	69,3	64,4	63,8	24,0
Asturias	418,1	79,5	51,4	60,3	56,7	51,2	37,8
Baleares	490,0	67,1	53,2	68,5	63,8	63,9	23,2
Canarias	447,0	77,7	53,8	59,1	55,1	51,4	43,9
Cantabria	595,3	76,6	51,5	65,0	59,7	58,1	25,5
Castela e León	438,6	72,4	51,1	67,5	63,0	62,8	26,7
Castela-A Mancha	277,0	67,0	52,2	63,1	54,1	56,4	32,7
Cataluña	468,7	75,1	53,1	69,0	65,6	61,2	24,1
C. Valenciana	450,7	69,7	53,5	64,3	59,1	58,6	28,7
Estremadura	370,4	65,8	55,1	59,2	52,0	50,6	39,4
Galicia	**463,7**	**78,5**	**51,8**	**64,7**	**61,7**	**56,5**	**32,5**
Madrid	569,6	81,9	53,7	69,1	65,2	64,6	29,4
Murcia	423,1	61,6	51,6	62,4	55,8	58,6	29,1
Navarra	640,7	79,3	49,1	67,8	64,0	64,7	22,3
País Vasco	560,4	85,6	51,8	68,4	65,1	62,5	26,0
A Rioxa	327,0	71,7	55,6	69,5	65,5	64,6	26,4
Ceuta	871,7	60,3	57,1	51,1	41,0	67,8	44,4
Melilla		63,3	53,5	54,4	46,8	59,2	52,4
Total	**458,0**	**73,5**	**53,0**	**64,4**	**59,5**	**57,7**	**29,8**

(consulta 16-04-2024)

Fonte: *Elaboración propia a partir de INE, EPA;* Orkestra, Instituto vasco de competitividad, *Panel de indicadores de competitividad*

1.1.17.

temporalidade (eixo 2); adultos en formación)eixo 3); desigualdade S80/S20 (eixo 4); tráfico aéreo (eixo 5); variación da produtividade e variación de CLU (eixo 6); investigadores e gasto en I+D (eixo 7). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden á taxa de aforro (eixo 1); ninis (eixo 2); abandono escolar temperá (eixo 3); déficit (eixo 4) e patentes (eixo 7).

Xunto aos devanditos índices sintéticos, cómpre facer referencia ás pancas dinámicas de competitividade, entendidas como aquelas que inciden no nivel de competitividade para o benestar, e que son elementos sobre os que hai máis marxe de maniobra de actuación e cuxa combinación afecta aos resultados económicos empresariais do territorio e ao benestar presente e futuro das persoas. Os **cadros 1.1.17.** e **1.1.18.** reflicten as principais variables relativas ao capital humano e ao coñecemento.

Dunha banda, Galicia presenta valores superiores á media estatal no caso do número de médicos por cada dez mil habitantes (8ª Comunidade Autónoma con maior número), poboación de 25-34 anos con educación secundaria ou terciaria (5ª C.A.) e taxas de ocupación feminina e de ocupación total, entendidas como a porcentaxe de poboación feminina e total con idades entre 15 e 64 anos (9ª e 10ª C.A., respectivamente). No extremo oposto, a taxa de desemprego xuvenil en Galicia é superior á rexistrada no conxunto de España, mantense como a sexta Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada.

Por contra, Galicia non presenta unha boa posición relativa respecto ao conxunto do Estado no que ás variables das palancas dinámicas se refire -gasto I+D, emprego e, especialmente, patentes-. Dunha banda, tanto o esforzo investidor como o peso relativo do

Indicadores de competitvidade: palancas dinámicas, coñecemento

	Gasto I+D		Emprego		Patentes (promedio trienal)		
	Esforzo investidor	Sector empresarial	Manufacturas media e alta tecnoloxía	Servizos intensivos en coñecemento	Nº patentes	Patentes por investigador S. Empresarial	Patentes colaboración estranxeira
	2022	2021	2022	2022	2021	2021	2021
	(% PIB)	*(% gasto total)*	*(%)*		*(patentes PCT / millón hab)*	*(patentes / mil investigadores empresa -EDP)*	*(% total patentes)*
Andalucía	1,1	36,3	1,6	36,2	17,0	40,5	14,2
Aragón	1,0	56,0	7,6	36,2	49,9	45,6	7,6
Asturias	0,9	53,6	3,2	38,8	31,7	35,1	22,5
Baleares	0,5	37,0	0,6	35,5	9,1	37,0	8,5
Canarias	0,6	20,2	0,4	34,9	7,2	39,8	11,0
Cantabria	1,0	37,5	4,3	35,9	35,0	61,1	9,6
Castela e León	1,4	63,3	4,1	37,3	17,9	19,1	7,7
Castela-A Mancha	0,8	57,1	2,4	34,6	7,8	23,6	10,8
Cataluña	1,8	60,0	6,9	38,6	75,7	45,2	12,0
C. Valenciana	1,2	46,2	3,4	33,8	39,8	43,2	6,4
Estremadura	0,8	28,8	0,9	42,7	4,7	17,2	4,5
Galicia	**1,1**	**50,8**	**3,9**	**35,7**	**14,8**	**13,8**	**6,9**
Madrid	2,0	57,6	3,6	48,7	50,7	23,5	16,9
Murcia	1,1	48,4	1,8	30,1	22,2	33,4	4,5
Navarra	2,0	67,5	11,2	35,1	67,7	37,4	9,9
País Vasco	2,1	77,4	9,6	40,8	51,5	12,5	9,7
A Rioxa	0,8	42,2	4,7	31,6	14,0	24,1	9,8
Ceuta	0,2			57,5			
Melilla	0,4			63,7			
Total	**1,4**	**55,6**	**4,0**	**38,4**	**36,4**	**30,4**	**11,8**

(consulta 16-04-2024)

Fonte: *Elaboración propia a partir de INE, EPA;* Orkestra, Instituto vasco de competitividad, *Panel de indicadores de competitividad*

1.1.18.

gasto empresarial en actividades de I+D presentan un nivel inferior á media española, situándose en 2022 como a sexta e novena C.A. cos valores máis elevados. Doutra, os indicadores de patentes sitúanse significativamente por baixo da media estatal, ocupando o décimo quinto posto no caso das patentes por investigador no sector privado, o décimo cuarto no que ás patentes con colaboración estranxeira se refire, e o décimo segundo posto no ranking de CC.AA en termos de patentes por cada millón de habitantes.

Panorama económico da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A análise da Eurorrexión parte da análise dos datos recollidos no panel de competitividade elaborado por Orkestra, Instituto Vasco da Competitividade, observando os datos correspondentes a Galicia e ao Norte de Portugal, así como a súa posición relativa no conxunto das rexións europeas analizadas.

O devandito panel de indicadores publicado polo Instituto Vasco de Competitividade, agrupa as distintas variables en catro grandes dimensións:

- Resultados de benestar, dado que a competitividade dun territorio se reflicte nos resultados de benestar que é capaz de xerar;
- Resultados económico-empresariais;
- Pancas dinámicas;
- Contexto estrutural.

Comezando por esta última dimensión, que inclúe as características propias do territorio e que permanecen relativamente estables no tempo, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.862 quilómetros cadrados e conta en 2022 cunha poboa-

Indicadores de competitividade: Contexto estrutural e resultados económico-empresariais

Contexto estrutural

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
Densidade de poboación	*Habitantes/km2*	2022	91,8	99 / 169	171,0	59 / 169	109,1
Taxa de natalidade	*nacementos/1.000 habitantes*	2022	5,4	198 / 200	7,4	144 / 200	8,7
Taxa de ennvellecemento	*% maiores 65 sobre pob. total*	2022	26,1	18 / 200	23,0	64 / 200	21,1
Poboación	*millóns de habitantes*	2022	2,7	48 / 200	3,6	35 / 200	446,7

Resultados económico-empresariais (1)

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
PIB per capita	*PPA - euros*	2022	27.900	120 / 200	23.900	150 / 200	35.459
Produtividade hora traballada	*euros / hora*	2021	35,1	108 / 200	19,0	147 / 200	39,2
Produtividade hora traballada. Sector manufactureira	*euros / hora*	2022	39,9	102 / 200	17,3	160 / 200	48,2
Custo laboral unitario	*% por persoa ocupada*	2022	58,5	104 / 200	66,4	34 / 200	60,7
Custo laboral unitario. Manufacturas	*% por persoa ocupada*	2022	54,4	111 / 200	63,1	60 / 200	54,2

(consulta 16-04-2024)

Fonte: Orkestra, Instituto vasco de competitividad, *Panel de indicadores de competitividad*

1.1.19.a.

ción de 6.279.338 habitantes, 16.088 persoas máis que no ano anterior (0,3%), o que implica unha densidade media de 123,5 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-27, a Eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie, situándose o peso relativo da súa poboación no 1,4%.

En termos relativos, a taxas de natalidade en Galicia descende ata os 5,4 nacementos por cada mil habitantes en 2022 e ata os 7,4 nacementos na rexión norte de Portugal, indicador que se sitúa lonxe da media europea (8,7 nacementos por cada mil habitantes), e a taxa de envellecementos aumenta ata os 26,3 maiores de 65 anos por cada cen habitantes en Galicia e 23% no norte de Portugal (25% na UE-27). Estes indicadores reflicten os problemas en termos de demografía na Eurorrexión, especialmente en Galicia, que se sitúa como a terceira rexión europea coa taxa de natalidade máis reducida (posto 198 das 200 analizadas) e a décimo oitava coa taxa de envellecemento máis elevada (postos 144 e 64, respectivamente, no norte de Portugal).

No que á dimensión do desempeño económico e empresarial se refire, que reflicte os resultados da actividade empresarial e do conxunto do sistema económico dun territorio, o PIB por habitante da Eurorrexión en 2022 representa o 72% dos 27 países da UE, porcentaxe case punto e medio superior á rexistrada no ano anterior (70,6%). Como se desprende do **cadro 1.1.19.a.**, existe unha importante diferenza entre Galicia e a rexión Norte de Portugal, acadando este indicador os 78,7 puntos en Galicia (UE-27=100) fronte aos 67,4 puntos no norte de Portugal, valores que sitúan á Comunidade Autónoma no posto 120 das 200 rexións consideradas, fronte ao 150 no caso da rexión portuguesa.

Galicia presenta unha produtividade por hora traballada superior á do Norte de Portugal, se ben esta se sitúa lonxe da media comunitaria. Dunha banda, a produtividade por hora ascende en Galicia ata os 35,1 euros, o que supón un 10,3% inferior á media europea (39,2 euros), fronte aos 19 euros no caso da rexión norte de Portugal. Doutra banda, este diferencial é máis elevado se se considera a produtividade no sector manufactureiro, que ascende en Galicia a 39,9 euros, un 17,3% inferior á da Unión Europea (48,2 euros) cando no norte de Portugal se sitúa en 17,3 euros por hora traballada.

Indicadores de competitividade: palancas dinámicas

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
Capital natural							
Patentes PCT verdes *(promedio trienal)*	*% total patentes*	2021	4,6	63 / 194	2,0	134 / 194	4,1
Capital físico							
Formación bruta de capital	*% sobre PIB*	2021	17,9	157 / 200	20,6	109 / 200	22,0
Coñecemento							
Gasto total I+D	*% PIB*	2022	1,1	114 / 196	2,0	50 / 196	2,2
Gasto en I+D empresarial	*% gasto I+D total*	2021	50,5	112 / 174	64,3	74 / 174	66,0
Emprego manufacturas tecnoloxía alta e medio-alta	*% emprego total*	2022	3,9	112 / 182	4,7	92 / 182	5,9
Emprego en servizos intensivos en coñecemento	*% emprego total*	2022	35,7	121 / 199	33,2	148 / 199	40,8
Publicacións (WoS)	*poublicacións por millóns de habitantes*	2022	2.530	77 / 169	5.831	20 / 169	2.137
Patentes PCT por millón habitantes *(promedio trienal)*	*patentes / M. hab.*	2021	14,8	121 / 195	24,9	102 / 195	99,6
Patentes PCT por investigador I+D del sector empresarial *(promedio trienal)*	*patentes / 1.000 investigadores empresa*	2021	13,8	112 / 195	10,3	129 / 195	42,3
Patentes PCT con colaboración estranxeira *(promedio trienal)*	*% patentes*	2021	6,9	146 / 175	10,9	98 / 175	11,0
Persoas que realizaron compras online no último ano	*% persoas 16-74 anos*	2022	63,2	123 / 200	48,8	173 / 200	67,8
Capital humano							
Médicos por cada cen mil habitantes	*Médicos por cada cen mil habitantes*	2021	463,7	44 / 194	561,0	21 / 194	397,1
Poboación 25-34 anos con educación secundaria e terciaria	*% poboación 25-34 anos*	2022	78,5	164/ 199	83,6	134 / 199	85,3
Mulleres de 25-34 anos con educación secundaria e terciaria	*% poboación 25-34 anos con educación secundaria e terciaria*	2022	51,8	34 / 198	52,1	29 / 198	50,2
Taxa de emprego	*% poboación 15-64 anos*	2022	64,7	152 / 201	70,7	100 / 201	69,8
Taxa emprego mulleres	*% pob. feminina 15-64 anos*	2022	61,7	142 / 199	67,2	94 / 199	64,9
Taxa de desemprego xuvenil (15-24 anos)	*% poboación activa 15-24 anos*	2022	32,5	32 / 162	17,5	62 / 162	14,5
Taxa de emprego poboación 55-64 anos	*% poboación 55-64 anos*	2022	56,5	134 / 199	60,9	100 / 199	62,3
Capital social e institucional							
Participación en eleccións xerais	*% votantes rexistrados que votan*	2019	66,6	116 / 188	56,5	163 / 188	71,4

(consulta 16-04-2024)

Fonte: Orkestra, Instituto vasco de competitividad, *Panel de indicadores de competitividad*

1.1.19.b.

No concernente aos indicadores de rendibilidade empresarial, o CLU, entendido como a relación entre a remuneración por persoa ocupada e a produtividade, sitúase en Galicia por baixo do rexistrado non só na rexión norte de Portugal senón tamén na UE-27. Así, o CLU aumenta no ano 2022 ata o 58,5% por persoa ocupada, porcentaxe que se sitúa no 66,4% na rexión norte de Portugal e no 60,7% de media no conxunto da Unión Europea. No caso do sector manufactureiro, o custo laboral situase en Galicia no 54,4%, dúas décimas por riba da media comunitaria (54,2%), ascendendo no norte de Portugal a 63,1%. Comparado co resto das rexións europeas cómpre salientar que a rexión portuguesa sitúase como a rexión 34 cos CLU máis elevados (60 no caso do sector manufactureiro) situándose Galicia nunha posición relativa significativamente mellor (104 e 111, respectivamente).

O **cadro 1.1.19.(b).** recolle ás pancas dinámicas que inciden no nivel de competitividade para o benestar, distinguindo entre capital natural, capital físico, coñecemento, capital humano e por último, capital social e institucional. Inclúe aqueles elementos sobre os que hai maior marxe de actuación e cuxa combinación afecta tanto aos devanditos resultados económico-empresariais e ao benestar da cidadanía.

Con carácter xeral, as dúas rexións non presentan unha boa posición relativa en relación ao conxunto das rexións europeas consideradas. Entre os aspectos positivos cómpre salientar en primeiro lugar, a porcentaxe de mulleres de 25 a 34 anos con educación secundaria e terciaria, que en Galicia ascende a 51,8% e no norte de Portugal a 52,1% (50,2% na UE), o que as sitúa entre as rexións europeas cos valores máis elevados (posto 34 e 29, respectivamente). Xunto a este indicador sobresae o feito de que tanto Galicia como en maior medida o norte de Portugal presentan unha relación do número de médicos por cada cen mil habitantes superior á do conxunto das rexións analizadas. En concreto, Galicia conta con 463,7 médicos por cada cen mil habitantes e o norte de Portugal con 561, o que as sitúa no posto 44 e 21, respectivamente.

No ámbito do emprego cómpre mencionar que a rexión portuguesa presenta taxas de ocupación e desem-

Indicadores de competitividade: Resultados de benestar

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
Vida material							
Renda dispoñible per capita	*PPA - euros*	2021	15.500	113 / 199	12.900	156 / 199	17.800
Persoas en risco pobreza ou exclusión social (AROPE)	*% poboación total*	2022	23,6	128 / 200	23,9	132 / 200	21,6
Emprego							
Taxa desemprego (15-74 anos)	*% sobre poboación activa 15-74 anos*	2022	11,0	32 / 197	6,0	92 / 197	6,2
Taxa desemprego feminino (15-74 anos)	*% sobre poboación activa feminina 15-74 anos*	2022	12,0	153 / 187	6,6	107 / 187	6,5
Aprendizaxe							
Poboación 25-64 anos que participa formación continua	*% poboacion 25-64 anos*	2022	15,9	46 / 200	12,3	84 / 200	11,9
Poboación 25-64 anos con educación secundaria alta ou terciaria	*% poboacion 25-64 anos*	2022	64,7	173 / 199	55,5	188 / 199	79,5
Saúde							
Esperanza de vida ao nacer	*anos*	2022	83,2	19 / 200	82,5	43 / 200	80,6
Medioambiente							
Contaminación do aire en PM2.5	*nivel medio µg/m3 experimentado pola poboación*	2019	8,8	34 / 201	6,9	17 / 201	11,8

(consulta 16-04-2024)
Fonte: Orkestra, Instituto vasco de competitividad, *Panel de indicadores de competitividad*

1.1.19.c.

prego mellores que en Galicia, situándose as taxas de ocupación da poboación de 15 a 64 anos no norte de Portugal por riba da media europea. Como se aprecia no devandito **cadro 1.1.19.(b).**, as taxas de ocupación no norte de Portugal ascenden ata o 70,7% fronte ao 64,7% en Galicia (postos 100 e 152 das 201 rexións europeas analizadas), situándose no 69,8% a media europea. No que atinxe ao emprego feminino, o 67,2% das mulleres de 15-64 anos está ocupadas no norte de Portugal fronte ao 61,7% na Comunidade Autónoma (64,9% no conxunto das 199 rexións analizadas). En relación ao resto das rexións analizadas, a ocupación feminina galega sitúase como a 142 taxa máis elevada, e a rexión portuguesa ocupa o posto 94 de 199 rexións europeas.

No que ao coñecemento se refire, o gasto total en I+D en relación ao PIB e o peso relativo do gasto empresarial sitúase na Eurorrexión por baixo do conxunto da UE, presentando en ambos os dous parámetros a rexión norte de Portugal unha mellor situación relativa. Dunha banda, o esforzo investidor acada na rexión norte de Portugal o 2% fronte ao 1,1% en Galicia, porcentaxe que se sitúa lonxe do 2,2% na Unión Europea. Comparado co resto das 196 rexións europeas analizadas, Galicia sitúase no posto 114 fronte ao 50 no caso portugués. Doutra banda, o gasto empresarial en actividades de I+D representa en Galicia o 50,5% do gasto total, quince puntos e medio menos que na UE, o que a sitúa como a rexión 112 de 174 analizadas con maior porcentaxe, acadando o 64,3% no norte de Portugal (posto 74).

Asemade, no que ás patentes se refire, tanto no caso do número de patentes por millón de habitantes como patentes por investigador en actividades de I+D no sector privado, a Eurorrexión está moi lonxe da media europea. En concreto, Galicia conta con 14,8 patentes por millón de habitantes (posto 121 de 195 rexións consideradas) fronte ás 24,9 do norte de Portugal (posto 102) cando en Europa este indicador é de case cen patentes por millón de habitantes (99,6 patentes). Doutra banda, no caso das patentes no eido empresarial, o promedio trienal de patentes por investigador I+D en Galicia é de 13,8 fronte ás 10,3 da rexión portuguesa e as 42,3 patentes na UE (postos 112 e 129 de 195 rexións europeas).

Por último cómpre facer referencia á dimensión de resultados de benestar, xa que a competitividade dun territorio se reflicte neses resultados que é capaz de xerar. O **cadro 1.1.19.(c).** recolle os cinco ámbitos nos que se divide esta dimensión: vida material, emprego, aprendizaxe, saúde e medioambiente. Como se mencionou anteriormente, Galicia presenta unha taxa de desemprego moito máis elevada que a rexión norte de Portugal e a media europea. Doutra banda, cómpre mencionar que Galicia é a décimo novena rexión con

maior esperanza de vida ao nacer (83,2 anos), presentando a UE unha esperanza de vida de 80,6 anos e o norte de Portugal, 82,5 anos (posto 43 de 200 rexións analizadas). Asemade cómpre destacar a boa posición relativa de Galicia no ámbito da poboación de 25-64 anos que participa na formación continua, onde o 15,9% desta poboación participa nestas actividades (posto 46 de 200 rexións) fronte aos 11,9% da UE e os 12,3% do norte de Portugal (84). ❑



1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia


Ao igual que nas economías do noso entorno, a economía galega presenta unha significativa ralentización no ritmo de crecemento do PIB, estimándose para o conxunto do ano 2023 unha medra interanual do 1,8%, sete décimas inferior ao estimado para o conxunto da economía española (2,5%). Con todo, tras once trimestres consecutivos con taxas positivas de crecemento, o PIB real en Galicia supera no cuarto trimestre do ano en 4,3 puntos o nivel existente no mesmo período de 2019, o que contrasta co acontecido no conxunto de España, que se atopa 2,9 puntos por riba.

O devandito incremento agregado da actividade económica en Galicia explícase tanto por unha achega positiva da demanda externa ao crecemento agregado do PIB, que aporta un punto, como pola demanda interna, cunha contribución ascende a oito décimas. Isto contras co acontecido no conxunto do Estado, onde a demanda interna presenta unha maior contribución que a demanda externa, cunha aportación de 1,7 e 0,8 puntos, respectivamente.

Entre os principais compoñentes da demanda interna salienta a forte ralentización do consumo privado, que medra un 0,5%, e o crecemento do gasto en consumo das administracións públicas, que tras a contracción de 2022, presenta unha medra interanual do 3%. Isto contrasta co comportamento do investimento, cunha caída interanual do 0,7%. No concernente ao sector exterior, as exportacións medran un 1,5% fronte á contracción do 0,3% das compras fóra de Galicia. Dende o punto de vista sectorial, o crecemento do PIB explícase en maior medida polo comportamento do sector servizos (2,3%) e da industria (2,5%), e, en menor medida, da construción, que tras tres meses con taxas de variación negativas, medra un 0,8%. PO fronte á contracción do sector primario (-0,9%).

No concernente á distribución das rendas, o incremento do 7,4% do PIB nominal a prezos correntes tradúcese nunha medra do 6,1% na remuneración dos asalariados (RA) e do 10,1% no caso do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB). Como consecuencia desta desigual intensidade de crecemento, a participación dos asalariados na renda descende no último ano ata o 42,6%, sete décimas inferior que no mesmo período do ano anterior, en tanto que

PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2008-23



(1) PIBpm; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 29-02-2024)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.1.

o peso relativo do EBE/RMB aumenta ata o 48,7% (47,5% no ano precedente).

A pesar da devandita ralentización do ritmo de crecemento do PIB, o mercado de traballo galego presenta datos agregados positivos atendendo aos seus grandes agregados. Dunha banda, a mellora tanto da participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego); doutra banda, a redución da taxa de paro e taxa de temporalidade. Con todo, estes datos teñen que ser matizados tendo en conta que Galicia mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade e ocupación, e que o mercado laboral no conxunto do Estado presenta un maior dinamismo na creación de emprego.

O conxunto do ano 2023 caracterizouse por unha moderación no ritmo de crecemento do índice xeral de prezos ao consumo (IPC) tanto en Galicia como en España ao presentar no mes de decembro unha medra interanual do 3,2% e 3,1%, respectivamente, porcentaxes significativamente inferiores ás rexistrada no ano anterior (6,4% e 5,7%, respectivamente). Ao mesmo tempo, cómpre mencionar que ao longo de todo o ano a inflación subxacente mantense por riba do IPC xeral tanto en Galicia como en España, situándose a comunidade autónoma no 4,1% (3,8% en España).

Análise do PIB

A economía galega, ao igual que a meirande parte dos países do noso contorno, presenta no ano 2023 unha acusada moderación no seu ritmo de crecemento, mantendo ao mesmo tempo unha taxa de variación interanual inferior á media española. As Contas económicas trimestrais de Galicia reflicten que a actividade económica medrou un 1,8%, o que supón un diferencial de sete décimas respecto ao conxunto do Estado (2,5%). Cómpre mencionar que, segundo as estimacións de Eurostat, este incremento interanual é superior ao estimado para a economía europea (0,1%) e ao estimado nos cinco principais socios comerciais, agás Portugal.

Tras once trimestres consecutivos con taxas positivas de crecemento, o PIB real en Galicia no cuarto trimestre


PIB 2019-23: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2019	2020	2021	2022	2023	2023 I	2023 II	2023 III	2023 IV	2022 I	2022 II	2022 III	2022 IV
						(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	**-1,3**	**-7,9**	**6,7**	**2,1**	**1,1**	**0,3**	**1,1**	**1,7**	**1,4**	**5,3**	**2,9**	**0,0**	**0,6**
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-2,2	-11,9	8,7	4,5	0,5	0,3	0,3	0,6	0,8	8,8	6,4	2,3	0,9
Gasto en consumo final das AA.PP.	1,4	3,8	2,0	-4,1	3,0	0,3	3,5	4,9	3,3	-3,4	-6,1	-6,3	-0,3
Formación bruta de capital fixo	3,9	**-10,5**	**7,8**	**0,7**	**-0,7**	**0,8**	**-0,7**	**-2,4**	**-0,4**	**0,0**	**1,5**	**1,8**	**-0,6**
Demanda interna (2)	-0,4	**-8,2**	**6,8**	**1,8**	**0,8**	**0,3**	**0,8**	**1,0**	**1,1**	**4,2**	**2,6**	**0,3**	**0,4**
Exportacións de bens e servizos	**-0,1**	**-4,5**	**11,3**	**0,4**	**1,5**	**5,5**	**1,4**	**-3,8**	**3,1**	**-1,0**	**4,1**	**3,2**	**-4,3**
Importacións de bens e servizos	-3,1	**-3,3**	**10,2**	**-3,8**	**-0,3**	**0,6**	**0,1**	**-3,9**	**2,2**	**-4,8**	**-1,4**	**-1,3**	**-7,4**
PIB a prezos de mercado	**1,1**	**-8,9**	**7,6**	**4,1**	**1,8**	**3,2**	**1,6**	**0,9**	**1,8**	**6,4**	**5,6**	**2,7**	**1,9**
VEB. Ramas agraria e pesqueira	6,3	-12,5	1,6	0,3	-0,9	0,6	1,4	-0,9	-4,7	3,1	0,0	-1,5	-0,4
VEB. Ramas industriais	-7,0	-13,1	16,3	-1,5	2,5	6,8	1,1	-2,0	4,3	-2,5	1,7	-3,2	-1,8
VEB. Industria manufactureira	-1,5	-13,7	16,6	-0,2	1,7	2,2	1,5	-1,5	4,6	2,0	6,6	-1,3	-7,3
VEB. Construción	2,1	-11,9	-4,4	-1,0	0,8	2,2	1,3	-0,4	0,0	-4,0	-0,6	0,3	0,4
VEB. Ramas dos servizos	2,9	-6,9	7,4	6,3	2,3	2,9	2,0	2,0	2,1	9,8	7,7	5,0	3,0
Impostos netos sobre os produtos	1,0	-11,6	6,5	3,5	-0,5	-0,3	-0,7	-0,4	-0,7	7,0	5,5	1,7	0,1

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 29-2-2024)
(2) Demanda interna en termos nacionais
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.2.

PIB real en Galicia e España 2023. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia, e INE.*

1.2.3.

do ano é un 4,3% superior ao nivel existente no mesmo período de 2019, porcentaxe que se sitúa no 2,9% no caso da economía española. Asemade, esta recuperación é máis acusada que en CC.AA. como Cataluña ou Navarra, cuxo PIB real supera ao nivel precrise nun 3,4% e 3,1%, respectivamente.

Ao igual que acontece en España, o incremento da ac-

Consumo e investimento en Galicia e España 2019-23: principais indicadores

		Galicia					España				
		2019	2020	2021	2022	2023	2019	2020	2021	2022	2023
						(taxas de variación interanual)					
Consumo											
Índice de vendas do comercio polo miúdo	*(prezos correntes)*	1,8	-3,7	7,2	10,3	5,9	2,5	-7,9	8,5	12,5	8,9
Índice de vendas do comercio polo miúdo	*(prezos constantes)*	1,9	-2,5	1,8	-1,5	3,2	2,4	-6,8	3,2	0,7	6,1
Produción de bens de consumo		6,0	-10,0	21,6	1,9	-2,7	1,5	-7,1	7,7	3,5	-0,5
Produción de bens de consumo duradeiro		3,6	-17,3	60,8	11,9	-2,8	-1,1	-13,5	18,0	2,7	-2,4
Produción de bens de consumo non duradeiro		6,2	-9,6	19,4	1,1	-2,7	1,7	-6,5	6,9	3,6	-0,3
Importación de bens de consumo		16,5	-11,6	13,6	59,6	-7,4	5,4	-11,0	15,1	23,4	-5,9
Ocupación hoteleira		37,9	-50,9	79,1	22,8	1,8	13,8	-54,7	63,3	32,6	5,3
Gasto de Administracións Públicas		1,4	3,8	2,0	-4,1	3,0	1,9	3,5	2,9	-0,2	3,8
Investimento											
Produción de bens de equipo *(índice de produción industrial)*		5,4	-9,0	-0,8	3,4	9,8	2,5	-15,5	6,5	5,8	4,5
Importacións de bens de equipo		15,8	2,7	15,0	23,7	23,4	3,9	-8,5	14,9	25,5	5,4
Licitación pública											
Total		-11,9	16,1	55,4	6,6	21,7	9,7	-25,9	68,8	29,2	-0,1
Administración Xeral do Estado		-10,3	18,9	178,9	-26,1	77,6	17,4	-53,3	167,8	9,7	31,6
Administración autonómica		-9,6	32,4	-11,6	70,1	-2,2	43,7	-22,3	38,7	53,0	-17,3
Administracións local		-15,1	-2,0	45,1	5,5	-8,0	-16,3	-1,7	45,1	28,4	-8,6

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, ICEX e Seopan

1.2.4.

tividade económica en Galicia ven motivado tanto por unha achega positiva da demanda externa como da demanda interna, se ben existen importantes diferencias en canto a súa contribución. Dunha banda, a demanda externa presenta unha maior aportación en Galicia, cunha achega dun punto porcentual fronte a tan só oito décimas no caso da economía española. Doutra banda, a demanda interna aporta oito décimas ao crecemento agregado do PIB cando no conxunto do Estado ascende a 1,7 puntos. Como reflicte o cadro macroeconómico de Galicia, a medida que avanza o ano a achega da demanda interna vai aumentando, o que contrasta coa evolución da demanda externa, que no terceiro trimestre do ano detrae unha décima.

No que respecta á demanda interna, o gasto en consumo final e o investimento seguen unha evolución desigual ao longo do ano 2023. Dunha banda, o investimento, medido pola formación bruta de capital, presenta unha contracción interanual do 0,7%, o que contrasta co incremento do 0,7% no ano anterior. Por contra, o consumo final medra un 1,1%, un punto menos que no ano precedente, influenciado polo comportamento do gasto en consumo das administracións públicas, que presenta un incremento interanual do 3% (-4,1% en 2022), ao tempo que se ralentiza significativamente o crecemento do consumo privado, que medra un 0,5%, catro puntos menos que o estimado no ano anterior.

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, o diferencial de crecemento de sete décimas no PIB ven explicado tanto polo menor dinamismo dos indicadores de consumo como pola maior contracción do investimento. Dunha banda, o gasto en consumo final medra un 2,3% en España, 1,2 puntos por riba do estimado na economía galega, influenciado polo incremento do 3,8% do gasto das administracións públicas e do 1,7% do consumo privado (3% e 0,5% en Galicia). Doutra banda, o investimento contráese en España un 0,5% respecto ao ano precedente, o que supón dúas décimas menos que en Galicia.

Os principais indicadores de consumo recollidos no **cadro 1.2.4.** mostran a devandita ralentización do crecemento do PIB. Así, o índice de vendas do comercio

polo miúdo (prezos constantes) presenta unha taxa de variación interanual de tan só un 0,1% respecto ao ano anterior, a metade do rexistrado no ano precedente; o índice de produción de bens de consumo contráese un 3,2%; ou a ocupación hoteleira no ano 2023 aumenta tan só un 1,4% respecto ao ano anterior, fronte ao 22,9% do estimado en 2022. A diferenza do acontecido no ano anterior, o valor das importacións de bens de consumo redúcese un 7,4% respecto ao ano precedente (aumenta case un 60% en 2022), o que contrasta co dinamismo experimentado no caso do consumo duradeiro, cunha medra do 18,1% na Comunidade Autónoma (-8,1% en 2022).

En relación ao investimento, e en concreto ao investimento en bens de equipo, é dicir, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, os datos de variación media anual do índice de produción industrial reflicten unha medra interanual do 4,6% no ano 2023 (2,2% no ano anterior), dúas décimas por riba do experimentado na economía española. Xunto a este incremento, a licitación pública total medra no último ano en Galicia un 21,7%, o que contrasta coa contracción do 0,1% en España. Este comportamento da licitación pública en Galicia explícase polo incremento do 77,6% da licitación correspondente á administración xeral do Estado (31,6% en España), que compensa a contracción que se produce no caso da administración local nun 8% e do 2,2% no caso da autonómica (-8,6% e -17,3% en España, respectivamente).

No concernente aos compoñentes da demanda externa, cuxa achega ao crecemento agregado do PIB é dun punto porcentual, as exportacións medraron segundo o estimado nas contas económicas de Galicia un 1,5% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa contracción das importacións nun 0,3%. No conxunto do Estado a taxa de crecemento das exportacións e das importacións (dato da Contabilidade Nacional Trimestral de España) ascende ata o 2,4% e 0,3%, respectivamente.

En termos monetarios, as vendas fóra de Galicia ascenden no último ano a 44.189,4 millóns de euros, en tanto que as importacións acadan un valor de 39.309,3 millóns de euros. Deste xeito, a balanza comercial galega aumenta o seu saldo positivo ata os 4.880,1 millóns de euros, case un 90% superior ao superávit rexistrado no mesmo período do ano anterior (89,6%, 2.306 millóns máis).


A información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria indica que o valor total das exportacións declaradas en 2023 ascendeu a 30.038,5 millóns de euros, o que supón un incremento do 0,5% respecto ao ano anterior. Esta evolución é resultado dun descenso do 1,9% das exportacións á Unión Europea, fronte a un incremento do 6,9% no caso das vendas ao resto de países. No último ano as vendas ao países comunitarios representan o 71,4% do valor total declarado das exportacións (21.451,9 millóns). Doutra banda, o valor total das importacións/introducións acadou os 20.900,1 millóns de euros, o que supón un 22,8% menos que no ano anterior, resultado dunha redución das compras na Unión Europea (-34,1%) e, en menor medida, no resto de países (-13,2%).

Analizando o comercio internacional en función do tipo de ben, o 55,9% do valor total das vendas galegas ao exterior no devandito período corresponden a bens de consumo fronte ao 30,8% dos bens intermedios e un 3,3% aos bens de capital. No conxunto do Estado predomina o comercio de bens intermedios, que representa o 52,9% do valor das exportacións, seguido do 38,2% no caso dos bens de consumo. No que respecta ás importacións, tanto en Galicia como en España o destino máis importante é o dos bens intermedios, que representan o 60,5% do valor total das compras exteriores en Galicia fronte aos 34% das importacións de bens de consumo en Galicia (63,7% e 26,9% en España, respectivamente).

• Agregados da oferta

Dende o punto de vista sectorial, no conxunto do ano 2023 tan só o sector primario presenta unha contracción da actividade produtiva, cunha caída interanual do 0,9%. O crecemento do PIB en Galicia explícase en maior medida polo dinamismo do sector servizos e a

Produto Interior Bruto en Galicia e España 2023: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia, e INE.


1.2.5.

industria, e en menor medida pola evolución da construción. Comparado co reflectido no cadro macroeconómico da economía española, o diferencial de crecemento entre Galicia e España explícase polo mellor comportamento en España do sector servizos, construción e industria manufactureira, o que contrasta cunha menor contracción no sector primario galego.

O sector servizos presenta unha taxa de variación interanual do 2,3% en Galicia, seis décimas inferior á rexistrada en España, impulsado polo crecemento interanual rexistrado polo subsector de comercio, transporte e hostalería, cunha medra do 4,3% (4,6% no caso da economía española). As actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que fora un dos grandes sectores afectados pola crise orixinada pola pandemia, presenta unha medra interanual do 4%, cando en España esta taxa sitúase no 8,9%. A administración pública, sanidade e educación presenta en España unha medra do 2,8%, estimándose en Galicia un incremento interanual do 0,7%. Por contra, as actividades profesionais, vinculadas directamente á industria manufactureira, presenta en Galicia un maior dinamismo que na economía española; en concreto, un 2,3% e 1,7%, respectivamente.

O sector industrial, impulsado pola actividade extractiva e enerxética, rexistra en Galicia un menor comportamento, cunha mera interanual do 2,5%, sete décimas por riba do estimado en España. Por contra, o crecemento estimando da actividade manufactureira é significativamente inferior ao estimado no conxunto do Estado; en concreto, un 1,7% en Galicia, case a metade do estimado para a economía española (3,3%). Fronte a este menor dinamismo cómpre resaltar que no derradeiro trimestre do ano a industria manufactureira medra un 4,6% respecto ao mesmo período do ano anterior fronte ao 2,9% de España.

Ao mesmo tempo, salienta a positiva evolución do sector da construción, que, tras tres anos de contracción do VEB xerado, presenta unha medra interanual do 0,8%. As ramas agrarias e pesqueira presentan unha



Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.6.


contracción do 0,9% respecto ao ano anterior, o que supón un punto menos que a experimentada en España (-1,9%).

Tomando como referencia o ano 2019, o sector servizos e a industria presentan en 2023 un nivel de actividade económica superior á existente antes da crise económica orixinada pola covid. Dunha banda, a actividade do sector terciario en termos reais é un 8,7% superior á estimada no conxunto do ano 2019 fronte ao 2,1% na industria. Este comportamento contrasta co sector da construción, que é un 16% inferior; e o sector primario, que é un 11,7% inferior. Atendendo ás ramas de actividade cómpre mencionar que no ámbito dos servizos tan só as actividades artísticas, recreativas e de entretemento están por baixo do nivel de 2019 (6,2 puntos). Por contra, as actividades de comercio, transporte e hostalería, a pesar da forte contracción estimada en 2020 (19,4%), superan o nivel de 2019 nun 15%, e as actividades profesionais, un 14,6%. Por último, o VEB xerado pola industria manufactureira atópase un 2,1% por riba do nivel de 2019.

No concernente á estrutura produtiva da economía galega, **gráfico 1.2.6.**, os datos correspondentes ao ano 2023 reflicten o incremento do peso relativo do valor engadido bruto xerado en Galicia polas actividades de comercio, transporte e hostalería, que concentran o

Asignación funcional da renda 2019-23 (1)

	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
		(en millóns de euros)		
2019	28.913,3	28.632,7	6.211,9	63.757,8
2020	27.781,4	25.987,9	4.936,6	58.705,9
2021	29.240,3	28.383,3	5.623,9	63.247,5
2022	30.294,7	32.833,8	5.688,8	68.817,3
2023	-	-	-	-



(1) PIBpm (prezos correntes); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario. (consulta: 07-06-2023)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.7.

25,1% do total, seis décimas máis que no ano anterior; seguidas cun 18,2% do total polo administración publica, sanidade e educación (18,6% no ano anterior); e a industria manufactureira, cunha achega do 12,5% (12,6%). Asemade, a importancia relativa da construción ascende ata o 6% do VEB galego e o das actividades do sector primario ata o 4,9% do total (5,9% e 4,9%, respectivamente, no ano anterior).

Se se compara a estrutura produtiva da economía galega no ano 2019 coa existente en 2023, o sector servizos e a industria considerada no seu conxunto, presentan un nivel de actividade superior ao existente antes da crise orixinada pola pandemia. En concreto, o peso relativo do sector servizos aumenta en 1,2 puntos porcentuais, pasando do 70,2% aos devanditos 71,4% de 2023, en tanto que no sector industrial esta medra é de seis décimas (17,1% en 2019). Por contra, a importancia relativa do sector da construción presenta un forte descenso (1,4 puntos menos) situándose esta caída en tres décimas no caso do sector primario. O devandito **cadro 1.2.6.** amosa a evolución heteroxénea entre as distintas ramas de actividade, destacando a medra de 2,4 puntos rexistrada no caso da actividade comercial, transporte e hostalería fronte á caída de cinco décimas no caso da administración pública, sanidade e educación, e de dúas décimas no conxunto da industria manufactureira.

- **Distribución da renda**

(datos acumulados ao 3º trimestre)

A devandita evolución no ritmo de crecemento da economía galega tradúcese nunha mellora da Remunera-

ción de asalariados (RA) e do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB), se ben cunha intensidade desigual. As Contas trimestrais de Galicia amosan que o incremento do 7,4% do PIB nominal a prezos correntes en 2023 reflíctese nunha medra do 6,1% na remuneración dos asalariados e do 10,1% no EBE/RMB. Como consecuencia deste comportamento da RA, a súa participación na renda descende no último ano ata o 42,6%, sete décimas inferior ao do ano anterior (43,1%), en tanto que o peso relativo do EBE/RMB aumenta ata o 48,7% (47,5% no ano precedente). O peso relativo da RA no PIB é inferior ao do EBE/RMB ao igual que acontecera no período 2014-2018.

Tendo en conta o devandito incremento da masa salarial en Galicia e que o emprego asalariado equivalente a tempo completo medra en 2023 un 2,4% (ascende a 899.314 persoas), a remuneración por posto de traballo equivalente a tempo completo asalariado aumenta un 3,6%, sendo esta medra do 3,5% no caso dos postos de traballo asalariado. No concernente ás horas traballadas, tras unha medra do 1,9% respecto ao ano anterior, a remuneración por hora traballada asalariada medra un 3,7%.

Mercado de traballo

A pesar da devandita ralentización do ritmo de crecemento do PIB, o mercado de traballo galego presenta datos agregados positivos atendendo á mellora tanto da participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego) ademais da redución da taxa de paro e temporalidade. Con todo, estes datos teñen de ser matizados atendendo ao menor dinamismo da creación de emprego que en España ou por manterse entre as CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas.

Dunha banda, a taxa de actividade en Galicia aumenta no último ano ata o 53,2%, tres décimas máis que no ano anterior, o que a mantén como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tras Asturias. Asemade, a taxa de ocupación aumenta en nove décimas para situarse no 48%, o que a mantén como a cuarta C.A. co índice máis reducido, tras Asturias, Andalucía e Estremadura. Por contra, a taxa de desemprego descende ata o 9,7% (11% no ano precedente), manténdose nunha posición intermedia respecto das outras CC.AA. Doutra banda, a taxa de temporalidade redúcese ata o 16,5% case tres puntos inferior á estimada no ano anterior (19,4%).


Centrándonos nos datos da ocupación reflectidos nas contas económicas de Galicia, o número total de postos de traballo equivalentes a tempo completo medra no último ano un 2% respecto ao ano anterior (3,2% no conxunto do Estado), o que supón un ritmo de crecemento similar ao do ano precedente. Asemade, o número total de postos de traballo medra un 2,1% e o emprego asalariado un 2,4%, presentando España un incremento interanual do 3,4% e 3,5%, respectivamente.

Do mesmo xeito, o emprego medido en termos de horas traballadas mellora máis intensamente no conxunto do Estado ao presentar taxas de variación interanuais superiores ás galegas tanto para o conxunto de persoas ocupadas (1,9% en España fronte a 1,5% en Galicia) como asalariadas (2,1% e 1,9%, respectivamente).

Vinculado ao mercado de traballo cómpre facer referencia aos indicadores da produtividade aparente real e ao custo laboral unitario real (CLUR), recollidos nas contas económicas trimestrais de Galicia nos denominados indicadores derivados. Dunha banda, a produtividade aparente obtense como o cociente entre o PIB e a ocupación, medida ben mediante o número de postos de traballo ou o número de horas traballadas. Doutra banda, o CLUR compara a remuneración por asalariado coa produtividade do traballo e dos prezos, e calcúlase dividindo a remuneración por asalariado entre a produtividade aparente nominal.

No concernente á produtividade aparente do factor traballo, os datos recollidos nas contas trimestrais reflicten que a produtividade aparente real en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo redúcese un 0,1% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa medra do 2% experimentado no ano

Evolución do custo laboral unitario real (CLUR)



Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.8.

precedente. Fronte a este descenso interanual, produtividade aparente medida en termos de hora traballada, medra un 0,4%, dous puntos menos que en 2022. En termos nominais, a produtividade aparente presenta unha medra do 5,2% en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo e do 5,7% se se mide en relación ao número de horas, porcentaxes inferiores aos rexistrados no ano anterior (6,8% e 7,1%, respectivamente).

Comparado co acontecido no conxunto de España, Galicia segue a presentar unha produtividade aparente do factor traballo inferior á da economía española. En 2023 este diferencial era de punto e medio se se mide en termos de tempo de traballo equivalente a tempo completo, e de máis de cinco puntos en termos de horas efectivamente traballadas (5,3%). A produtividade aparente en termos de tempo de traballo equivalente a tempo completo representaba no ano anterior en Galicia o 98,5% do total estatal e o 95,5% no caso das horas traballadas.

Atendendo á distribución sectorial, o principal problema da economía galega no que á produtividade se refire atópase no sector industrial, e máis concretamente na industria manufactureira, por mor do seu moi baixo nivel. En concreto, o PIB por posto de traballo equivalente é o 74,6% da media estatal, situándose

esta porcentaxe no 76,1% se se define en termos de horas traballadas, porcentaxes inferiores ás rexistradas tanto ao inicio da crise económica e financeira de 2008 como a orixinada pola pandemia en 2019. No extremo oposto, a construción presenta unha produtividade aparente superior á media española en ambos os dous casos, ao contrario do que acontece co sector primario, en tanto que no sector servizos, esta é superior se se mide en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo.

Finalmente, no que atinxe ao custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por asalariado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado), o **cadro 1.2.8.** reflicte a redución do CLUR en Galicia por terceiro ano consecutivo tanto en termos de postos de traballo como de horas traballadas.

Os datos recollidos nas Contas económicas trimestrais reflicten que no ano 2023 o CLUR por hora traballada redúcese un 1,7%, sendo esta porcentaxe do 1,6% no caso do custo por posto de traballo equivalente a tempo completo e do 1,4% en termos de posto de traballo. No ano anterior o CLUR presentaba unha caída superior ao 5,5% nos tres casos considerados.

Inflación e prezos

O ano 2023 caracterizouse por unha moderación no ritmo de crecemento do índice xeral de prezos ao consumo (IPC), que remata o ano cunha medra interanual do 3,2%, taxa moi por baixo do nivel de 2021 e 2022, que presentan unha taxa de variación interanual do 6,7% e 6,4%, respectivamente. No conxunto de España o IPC presenta no mes de decembro unha medra interanual do 3,1% (5,7% no ano anterior). Asemade, cómpre mencionar que a inflación subxacente mantense por riba do IPC xeral ao longo de todo o ano tanto en Galicia como en España. Se se considera o IPC harmonizado (IPCH), que permite realizar comparacións internacionais, os datos publicados por Eurostat reflicten a devandita moderación de prezos, se ben a inflación en España é superior á estimada no conxunto dos países da zona euro a diferenza do acontecido no ano anterior. No último ano o IPCH situábase en España no 3,3%, fronte ao 2,9% na zona euro, porcentaxes significativamente inferiores aos de decembro de 2022, co 5,5% e 9,2%, respectivamente.

No concernente á súa distribución provincial, as catro provincias galegas presentan taxas superiores ao 3%, rexistrando A Coruña e Pontevedra taxas de crecemento máis elevadas que a media española, co 3,4% e 3,2%, respectivamente. Por contra, na provincia de Lugo o incremento de prezos foi do 3% fronte ao 3,1% de Ourense.


Ao longo do ano 2023 o IPC segue unha tendencia descendente ata o mes de xuño tanto en Galicia como en España, acadando neste mes o nivel máis reducido dende comezos do ano 2021, cunha medra do 1,5% en Galicia e 1,9% no conxunto do Estado. O gráfico 1.2.9. amosa a moderación no incremento de prezos no último trimestre do ano, situándose o IPC en decembro nos devanditos 3,2% e 3,1%, respectivamente.

Tal como se observa no **cadro 1.2.10.**, a devandita ralentización do IPC ven explicada en parte pola caída dos prezos dos bens incluídos no grupo "vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles", cun descenso interanual do 6,5% en Galicia, seis décimas máis que no conxunto do Estado. Xunto a esta evolución cómpre resaltar o incremento do 7,2% dos alimentos e bebidas non alcohólicas, e do 2,6% no grupo "enxoval", porcentaxes significativamente inferiores ás rexistradas no ano anterior (16,2% e 8,6%, respectivamente). Por contra, fronte ao descenso experimentado en 2022, o ensino presenta un incremento dos prezos do 2,8% (-1% no ano precedente) e do 3,1% no grupo de "comunicacións" (-1,9%).

Atendendo á súa distribución segundo rúbricas, en Galicia os maiores incrementos interanuais están vinculados novamente coa alimentación, entre os que salientan "aceites e graxas", cunha medra do 35,6%; "legumes e hortalizas frescas", cun 11,9%; carne de ovino e de porcino e "sucre", cunha medra superior ao 9%; ou patacas e froitas, cun incremento superior ao 8%. No extremo oposto, os descensos máis acusados

IPC en Galicia e España 2021-23

(taxas de variación interanual)



Nota: base 2021

Fonte: INE, *Indice de precios de consumo*

1.2.9.

rexístranse no caso da "calefacción, iluminación e distribución de auga", cunha redución do 9,6%; e do trasporte público, tanto interurbano (3,2%) como urbano (1,6%).

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presenta no ano 2023 unha acusada desaceleración no ritmo de crecemento dos prezos, acadando o ano cunha medra interanual do 4,1% en Galicia fronte ao 3,8% no conxunto de España, cando no mes de decembro do ano anterior os prezos medraron un 7,8% e 7%, respectivamente. Como se aprecia no **gráfico 1.2.9.**, a inflación subxacente mantense por riba do índice xeral de prezos ao longo de todo ano 2023, a diferenza do acontecido nos dous anos anteriores.

IPC en Galicia e España 2022-23: distribución segundo grupos

	2023		2022	
	Galicia	España	Galicia	España
	(taxa de variación interanual mes de decembro)			
Xeral	**3,2**	**3,1**	**6,4**	**5,7**
Alimentos e bebidas non alcohólicas	7,2	7,3	16,2	15,7
Bebidas alcohólicas e tabaco	2,6	3,4	8,0	7,2
Vestido e calzado	1,2	1,6	1,8	1,8
Vivenda	-6,5	-5,9	-3,8	-4,5
Enxoval	2,6	2,0	8,6	8,5
Sanidade	1,8	2,2	1,5	1,0
Transporte	4,4	3,9	4,3	3,3
Comunicacións	3,1	3,1	-1,9	-1,9
Ocio e cultura	2,6	3,1	3,1	3,8
Ensino	2,8	3,0	-1,0	1,4
Hoteis, cafés e restaurantes	6,2	5,5	9,2	7,8
Outros bens e servizos	3,9	3,8	5,5	4,5

Fonte: INE, *Indice de precios de consumo*

1.2.10.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2023 (1): distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Enerxía	Industria sen enerxía
				(taxas de variación interanual)				
Andalucía	-4,2	20,5	2,1	21,3	3,4	-2,6	-19,5	9,1
Aragón	-8,7	4,0	0,7	5,2	1,4	-12,4	-22,6	-4,8
Asturias	-16,6	3,1	1,4	3,1	0,3	-9,7	-31,0	-5,7
Baleares	-16,1	3,7	5,8	3,3	1,6	0,9	-25,0	2,5
Canarias	-13,9	6,9	3,4	6,9	1,9	1,1	-27,8	5,0
Cantabria	-9,1	4,4	0,1	5,2	2,3	-14,3	-19,4	-6,5
Castela e León	-5,3	4,1	9,1	4,1	7,2	-5,6	-25,6	0,5
Castela-A Mancha	-4,0	6,8	0,9	7,0	-1,0	-4,9	-15,9	2,4
Cataluña	-4,4	5,1	3,0	5,2	2,9	-7,1	-19,3	-0,2
C. Valenciana	-3,8	5,1	1,9	5,4	1,8	-2,7	-16,9	0,8
Estremadura	-2,5	7,9	0,4	8,2	2,9	-5,3	-18,3	3,3
Galicia	**-5,9**	**4,9**	**2,4**	**5,0**	**1,4**	**-3,2**	**-19,7**	**1,1**
Madrid	-10,3	2,9	1,5	3,0	2,9	1,2	-22,9	2,5
Murcia	-7,6	5,8	3,1	6,0	4,7	-3,0	-17,7	2,9
Navarra	-3,6	4,7	0,5	5,1	1,6	-3,6	-25,8	0,9
País Vasco	-8,4	0,6	-1,2	0,9	3,2	-2,0	-20,0	-0,4
A Rioxa	-4,0	2,3	3,6	2,2	1,9	-5,1	-22,4	-0,3
Total	**-6,3**	**6,7**	**1,7**	**7,0**	**2,7**	**-4,9**	**-20,6**	**1,1**

(1) datos no mes de decembro. Base 2015.
Fonte: INE, *Índice de precios industriales*

1.2.11.

Os datos das contas económicas trimestrais reflicten que o deflactor do PIB, que permitiría analizar a inflación que responde ao incremento dos prezos de bens e servizos producidos en Galicia, presenta un incremento interanual do 5,3% en 2023, sete décimas por riba do estimado no ano precedente. Atendendo á súa evolución ao longo do ano, cómpre resaltar que o incremento máis elevado prodúcese no terceiro trimestre do ano, cun 5,7%, e o máis reducido no derradeiro trimestre, cun incremento interanual do 5%.

Finalmente, en relación á evolución dos prezos industriais, **cadro 1.2.11.**, tras o forte crecemento experimentado nos anos 2021 e 2022, o índice xeral de prezos industriais (IPRI) descendeu en Galicia no 5,9% respecto ao ano anterior, carto décimas inferior á do conxunto do Estado (-6,3%). Atendendo á súa desagregación segundo destino económico dos bens, a devandita caída ven motivada polo descenso do 19,7% no caso dos bens enerxéticos e do 3,2% no dos bens intermedios. Asemade, o último ano presenta unha desaceleración no ritmo de crecemento dos prezos tanto bens de consumo (4,8% en 2023) como nos bens de equipo (1,4%).

Marco orzamentario

Os orzamentos públicos determinan o peso do sector público na economía e un dos indicadores para analizar este peso é o cociente entre o gasto público non financeiro e o Produto Interior Bruto (PIB). Os datos dos orzamentos de 2023 e o avance do PIB proporcionados polas contas económicas amosan que dita rateo presenta un valor agregado do 18,4% para o conxunto das CC.AA. españolas, e que Galicia se sitúa lixeiramente por riba do promedio sinalado cun 18,9%. En termos per cápita, Galicia sitúase por baixo do dato promedio estatal.

No devandito contexto macroeconómico analizado no capítulo 1.1., "suxeito á incerteza ante a evolución da actividade global, a lenta diminución da inflación xunto a elevados tipos de xuro", a Lei 9/2022, do 28 de decembro, aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. Previamente, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o devandito exercicio, que ascende a 13.257 millóns de euros, un 5% máis que no exercicio anterior.

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia establece que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio. Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información precisa sobre o alcance e composición dos orzamentos. Para o exercicio 2024 o orzamento total consolidado da Comunidade Autónoma ascende a 14.815,2 millóns de euros, o que supón unha medra do 4,6% respecto ao exercicio precedente.

A conta financeira dos orzamentos, **cadro 1.2.12.**, reflicte que o aforro por operacións correntes aumenta ata os 1.594,9 millóns de euros, motivado por unha medra dos ingresos correntes superior á dos gastos (7,5% e 6,1%, respectivamente). Os ingresos por operacións de capital reducen a súa contía un 0,8% para situarse nos 1.329 millóns, unha caída motivada principalmente pola desaparición dos recursos adicionais procedentes do instrumento REACT-EU. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.838,3 millóns de euros, incrementándose nun 2,4% respecto aos orzamentos do exercicio precedente. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 1.509,3 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha capacidade de financiamento de 68,8 millóns de euros (os orzamentos do ano anterior reflectían unha necesidade de financiamento de 121,6 millóns de euros).

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre

Orzamentos da C.A. 2023-24: conta financeira homoxeneizada (1)

	2024		2023		24/23	
	(en miles de €)	*(%)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(en miles de €)*	*(%)*
Operacións correntes						
Ingresos	11.996.593	81,0	11.159.021	78,8	837.572	7,5
Impostos directos	3.431.422	23,2	3.356.461	23,7	74.961	2,2
Impostos indirectos	4.136.599	27,9	3.818.851	27,0	317.748	8,3
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	176.403	1,2	172.167	1,2	4.236	2,5
Transferencias correntes	4.225.274	28,5	3.799.694	26,8	425.580	11,2
Ingresos patrimoniais	26.895	0,2	11.848	0,1	15.047	127,0
Gastos	10.401.699	70,2	9.803.478	69,2	598.221	6,1
Gastos de persoal	4.867.677	32,9	4.593.520	32,4	274.157	6,0
Gastos correntes de bens e servizos	2.243.532	15,1	2.142.139	15,1	101.393	4,7
Gastos financeiros	188.822	1,3	110.837	0,8	77.985	70,4
Transferencias correntes	3.101.668	20,9	2.956.982	20,9	144.686	4,9
Aforro bruto	1.594.894		1.355.543		239.351	17,7
Operacións da capital						
Ingresos	1.329.017	9,0	1.339.739	9,5	- 10.722	-0,8
Alleamento de investimentos reais	9.056	0,1	9.336	0,1	- 280	-3,0
Transferencias de capital	1.319.961	8,9	1.330.403	9,4	- 10.442	-0,8
Gastos	2.838.272	19,2	2.771.422	19,6	66.850	2,4
Investimentos reais	1.597.192	10,8	1.574.877	11,1	22.315	1,4
Transferencias de capital	1.241.080	8,4	1.196.545	8,4	44.535	3,7
Formación de capital	1.509.256	10,2	1.431.683	10,1	77.573	5,4
Fondo de continxencia	16.839	0,1	45.417	0,3	- 28.578	-62,9
Necesidade de Financiamento	68.798		-121.556		190.354	-156,6
Operacións financeiras						
Atencións	1.558.390	10,5	1.546.855	10,9	11.535	0,7
Activos financeiros	229.667	1,6	226.738	1,6	2.929	1,3
Pasivos financeiros	1.328.723	9,0	1.320.117	9,3	8.606	0,7
Recursos	1.489.591	10,1	1.668.411	11,8	- 178.820	-10,7
Activos financeiros	100.442	0,7	82.012	0,6	18.430	22,5
Endebedamento bruto	1.389.149	9,4	1.586.399	11,2	-197.250	-12,4
Necesidade de Financiamento	68.798		-121.556		190.354	-156,6
Orzamento consolidado	**14.815.200**		**14.167.172**		**648.028**	**4,6**

(1) Orzamentos 2024

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.12.

Clasificación económica do gasto nos orzamentos iniciais da Xunta de Galicia 2008-2024

	2008	2013	2019	2022	2023	2024
	(% sobre gastos)					
Gastos de persoal	17,7	19,9	18,2	17,7	17,4	17,4
Gastos en bens correntes e servizos	4,2	5,3	4,8	4,7	4,7	4,9
Gastos financeiros	1,3	3,3	1,5	0,6	0,8	1,3
Transferencias correntes	49,2	47,0	46,2	46,1	46,5	69,4
Operacións correntes	72,5	75,6	70,6	69,1	69,4	70,5
Investimentos reais	9,8	2,8	3,1	4,3	4,4	4,2
Transferencias de capital	12,5	11,7	12,0	15,7	15,8	15,2
Operacións de capital	22,3	14,4	15,1	20,0	20,2	19,4

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

1.2.13.

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2023-24: Distribución Funcional (1)

Funcións	2024		2023		24/23
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
1 Actuacións de carácter xeral	**362.218**	**2,4**	**339.129**	**2,4**	**6,8**
11 Alta dirección da Com. Autónoma	45.281	0,3	43.493	0,3	4,1
12 Administración Xeral	91.497	0,6	88.234	0,6	3,7
13 Xustiza	180.155	1,2	174.430	1,2	3,3
14 Administración local	20.094	0,1	20.064	0,1	0,1
15 Normalización lingüística	11.049	0,1	10.908	0,1	1,3
16 Procesos electorais e órganos de repres. Política	14.142	0,1	2.000	0,0	607,1
2 Protección civil e seguranza cidadá	**30.526**	**0,2**	**29.090**	**0,2**	**4,9**
21 Protección civil e seguridade	30.526	0,2	29.090	0,2	4,9
3 Protección e promoción social	**1.751.875**	**11,8**	**1.607.399**	**11,3**	**9,0**
31 Acción social el promoción social	1.294.587	8,7	1.155.342	8,2	12,1
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	448.349	3,0	443.142	3,1	1,2
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	8.939	0,1	8.915	0,1	0,3
4 Produción de bens públicos de carácter social	**8.484.013**	**57,3**	**8.170.577**	**57,7**	**3,8**
41 Sanidade	5.165.220	34,9	4.967.186	35,1	4,0
42 Educación	2.858.887	19,3	2.796.361	19,7	2,2
43 Cultura	105.585	0,7	104.609	0,7	0,9
44 Deportes	56.226	0,4	44.072	0,3	27,6
45 Vivenda	166.724	1,1	130.610	0,9	27,7
46 Outros servizos comunit. e sociais	131.371	0,9	127.739	0,9	2,8
5 Produción de bens públ. de carácter económico	**1.284.595**	**8,7**	**1.254.109**	**8,9**	**2,4**
51 Infraestructuras	378.241	2,6	355.370	2,5	6,4
52 Ordenación do territorio	18.362	0,1	18.126	0,1	1,3
53 Promoción do solo para actividades económicas	11.161	0,1	10.091	0,1	10,6
54 Actuacións ambientais	198.120	1,3	227.422	1,6	-12,9
55 Actuacións e valorización do medio rural	191.023	1,3	187.873	1,3	1,7
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	330.214	2,2	294.403	2,1	12,2
57 Sociedade da información e do coñecemento	152.068	1,0	155.474	1,1	-2,2
58 Información estatística básica	5.406	0,0	5.350	0,0	1,0
6 Regulación económica de carácter xeral	**113.775**	**0,8**	**114.972**	**0,8**	**-1,0**
61 Actuacións económicas xerais	30.547	0,2	28.893	0,2	5,7
62 Actividades financeiras	83.228	0,6	86.079	0,6	-3,3
7 Regulación económica de sectores produtivos e dto. empresarial	**1.116.443**	**7,5**	**1.085.825**	**7,7**	**2,8**
71 Dinamización económica do medio rural	422.154	2,8	402.933	2,8	4,8
72 Pesca	139.408	0,9	146.503	1,0	-4,8
73 Industria, enerxía e minaría	125.917	0,8	121.153	0,9	3,9
74 Desenvolvemento empresarial	262.923	1,8	255.060	1,8	3,1
75 Comercio	21.891	0,1	25.485	0,2	-14,1
76 Turismo	144.150	1,0	134.691	1,0	7,0
8 Transferencias a entidades locais	**160.520**	**1,1**	**151.317**	**1,1**	**6,1**
81 Transferencias a entidades locais	160.520	1,1	151.317	1,1	6,1
9 Débeda pública	**1.511.235**	**10,2**	**1.414.754**	**10,0**	**6,8**
91 Débeda pública	1.511.235	10,2	1.414.754	10,0	6,8
Total	**14.815.200**	**100**	**14.167.172**	**100**	**4,6**

(1) Orzamentos 2024

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.14.

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2024: distribución funcional

	Sanidade			Educación			Seguridade e protección social			Débeda pública			Resto de funcións ou políticas		
	24/23			24/23			24/23			24/23			24/23		
	(en miles de €)	*(%)*	*(% / total)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(% / total)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(% / total)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(% / total)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(% / total)*
Andalucía	14.077.200,5	2,9	33,5	9.870.291,7	4,3	23,5	3.164.503,1	9,3	7,5	4.136.630,6	-19,9	9,8	10.777.466,4	9,1	25,6
Aragón	2.762.272,6	9,0	34,1	1.523.265,0	10,7	18,8	684.517,7	43,9	8,5	1.232.560,6	-16,8	15,2	1.892.503,2	-2,0	23,4
Asturias	2.333.478,1	8,8	37,1	1.042.251,6	4,6	16,6	612.036,9	7,7	9,7	652.641,0	1,3	10,4	1.643.681,4	6,0	26,2
Baleares	2.325.729,5	4,0	31,8	1.322.530,6	6,3	18,1	287.668,8	-14,1	3,9	1.043.230,6	-15,3	14,3	2.341.493,9	12,2	32,0
Canarias	4.349.844,9	15,0	36,3	2.370.035,5	4,2	19,8	728.778,8	4,3	6,1	758.731,5	-14,9	6,3	3.763.254,7	10,3	31,4
Cantabria	1.147.695,0	5,7	32,4	736.202,2	2,7	20,8	297.642,3	3,4	8,4	417.900,0	-13,1	11,8	948.228,4	1,3	26,7
Castela e León	4.690.046,7	0,0	36,8	2.538.646,6	0,0	19,9	1.120.742,7	0,0	8,8	1.469.323,5	0,0	11,5	2.934.048,3	0,0	23,0
Castela-A Mancha	3.853.709,6	6,4	33,2	2.264.474,5	3,0	19,5	973.044,3	0,8	8,4	1.902.740,0	-18,2	16,4	2.612.532,1	6,2	22,5
Cataluña	11.652.405,6	0,0	24,7	8.239.245,9	0,0	17,5	3.484.940,4	0,0	7,4	11.396.774,6	0,0	24,2	12.402.920,4	0,2	26,3
Estremadura	2.282.097,3	3,5	30,4	1.370.679,4	4,7	18,3	695.298,5	5,0	9,3	959.799,2	5,8	12,8	2.200.272,9	5,8	29,3
Galicia	**5.165.220,0**	**4,0**	**34,9**	**2.850.942,1**	**2,3**	**19,3**	**1.286.500,9**	**12,1**	**8,7**	**1.511.235,4**	**6,8**	**10,2**	**3.989.028,6**	**3,9**	**26,9**
Madrid	10.141.499,0	11,4	33,2	6.259.087,3	6,3	20,5	2.605.904,3	16,5	8,5	3.974.627,4	15,0	13,0	7.603.237,9	1,9	24,9
Murcia	2.494.462,5	7,1	31,9	1.963.851,7	10,4	25,1	714.398,4	7,8	9,1	1.376.497,0	-23,7	17,6	1.270.127,3	6,2	16,2
Navarra	1.459.218,6	10,0	23,0	1.003.024,0	6,5	15,8	562.455,8	6,1	8,9	532.866,5	3,4	8,4	2.797.845,4	3,4	44,0
País Vasco	4.926.257,2	5,3	32,7	3.566.316,6	5,5	23,6	1.135.332,8	13,6	7,5	861.285,5	-13,0	5,7	4.591.310,5	7,6	30,4
A Rioxa	601.498,5	6,0	30,6	403.158,8	10,0	20,5	180.517,2	6,9	9,2	174.892,1	3,3	8,9	607.149,8	-3,1	30,9
C. Valenciana	8.466.405,5	3,2	28,5	6.547.192,5	2,8	22,0	2.372.020,5	2,1	8,0	7.923.215,9	20,5	26,6	4.423.361,1	-10,9	14,9
Total (1)	**82.729.041,0**	**5,0**	**31,3**	**53.871.195,9**	**3,9**	**20,4**	**20.906.303,2**	**6,9**	**7,9**	**40.324.951,4**	**-1,4**	**15,2**	**66.798.462,2**	**3,7**	**25,2**

Consulta: 02-04-2024
Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.15.

os capítulos IX de ingresos e gastos, alcanza os 60,4 millóns de euros. Este endebedamento neto financia unha parte dos activos financeiros, que alcanza os 129,2 millóns de euros.

A clasificación económica do orzamento mostra un peso moi diferente dos capítulos de gasto. Os orzamentos iniciais da Xunta de Galicia para o exercicio 2024 destinan o 70,2% dos recursos a gasto de operacións correntes, entre os que os gasto de persoal concentran o 46,8% destes gastos (4.867,7 millóns de euros), e as transferencias correntes un 29,8% (3.101,7 millóns).

A distribución funcional do gasto (**cadro 1.2.14.**) mostra como o 57,3% dos recursos orzamentarios destínanse á produción de bens públicos de carácter social, que incrementan a súa dotación en relación ao orzamento do ano anterior nun 3,8%. Aínda que en termos absolutos son os citados bens de carácter social os que rexistran un maior incremento (313,4 millóns de euros máis), en termos relativos salienta o incremento do 9% rexistrado no caso da protección e promoción social (144,5 millóns máis). Os recursos destinados á produción de bens públicos de carácter económico increméntanse un 2,4% (30,5 millóns de euros) e os dedicados á regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial aumentan a súa dotación nun 2,8% (30,6 millóns). Asemade, cómpre salientar o incremento experimentado na partida dedicada á débeda pública, que tras unha medra do 6,8% acada os 1.511,2 millóns de euros, o que representa o 10,2% do orzamento consolidado.

En comparación co que acontece no resto do Estado, os datos publicados polo Ministerio de Facenda reflicten que Galicia presenta incrementos dos créditos orzamentarios consignados na función de Seguridade e protección social superiores aos do conxunto das Comunidades Autónomas (**cadro 1.2.15.**), o que contrasta co acontecido no ámbito da educación e sanidade. Asemade, fronte ao descenso do 2,2% da débeda pública no conxunto das CC.AA., o proxecto de orzamentos de Galicia reflicte unha medra do 10,2%.

Os principais indicadores da actividade económico-financeira de Galicia (**cadro 1.2.16.**) rexistran que o afo-

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2024

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional	Capítulo 9 ppto gastos-ingresos
		(en miles de €)			*(en miles de €)*
Andalucía	1.191.197,8	-3.054.284,9	-1.863.087,2	-0,9	-404.176,8
Aragón	118.955,4	-469.115,1	-350.159,7	-0,7	-338.608,7
Asturias	327.634,5	-687.518,1	-359.883,6	-1,2	-83.984,0
Baleares	389.737,9	-895.814,1	-506.076,2	-1,2	-75.067,1
Canarias	654.357,5	-1.016.389,1	-362.031,6	-0,6	-55.282,3
Cantabria	259.841,8	-338.926,8	-79.085,1	-0,4	-17.437,1
Castela e León	573.579,4	-776.575,5	-202.996,2	-0,3	-224.926,9
Castela-A Mancha	380.620,9	-466.383,0	-85.762,1	-0,2	-85.762,1
Cataluña	3.380.334,5	-2.155.315,1	1.225.019,4	0,4	392.819,4
Estremadura	-35.342,4	-511.322,1	-546.664,5	-2,1	-203.316,4
Galicia	**1.578.053,7**	**-1.509.255,5**	**68.798,2**	**0,1**	**-60.426,6**
Madrid	1.565.179,5	-1.587.753,7	-22.574,2	0,0	54.146,9
Murcia	58.457,3	-306.594,3	-248.137,0	-0,6	-88.968,8
Navarra	322.209,5	-554.845,3	-232.635,8	-0,9	-76.830,3
País Vasco	939.192,9	-1.642.282,5	-703.089,6	-0,8	-205.107,3
A Rioxa	20.685,1	-195.659,4	-174.974,3	-1,6	-161.241,2
C. Valenciana	1.461.450,1	-1.941.780,1	-480.330,0	-0,3	-546.513,7
Total (1)	**13.186.145,3**	**-18.109.814,7**	**-4.923.669,4**	**-0,3**	**-2.180.682,9**

Consulta: 2-4-2024
Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.16.

rro bruto previsto ascende a 1.578,1 millóns de euros fronte aos 1.310,1 millóns do exercicio precedente. Pola súa banda, as operacións de capital presentan un saldo negativo de 1.509,3 millóns de euros. A necesidade de financiamento é de 68,8 millóns de euros, fronte aos 266,3 millóns do ano anterior. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, e que se fixa como referencia o obxectivo establecido para as CC.AA. no programa de estabilidade. Galicia non recorrerá ao endebedamento como fonte de financiamento. Así, desaparecen no último exercicio o endebedamento como recursos extraordinarios, fronte aos 181 millóns de euros nos orzamentos do ano 2023 (**cadro 1.2.17.**).

A débeda acumulada en Galicia no ano 2022 (referida ao cuarto trimestre de cada ano) aumenta un 3,9%, 1,3 puntos por riba do rexistrado de media no conxunto das CC.AA. (2,6%), acadando os 12.170 millóns de euros segundo o avance do Banco de España (**cadro 1.2.18.**). En termos relativos, a relación entre o devandito endebedamento e o PIB redúcese ata o 16,1%, fronte ao 17,2% do PIB en 2022, o que supón o sétimo nivel de endebedamento máis reducido do Estado, superado novamente por Navarra (12%), Canarias (12,2%), País Vasco (12,4%), Madrid (12,6%), xunto a Asturias e A Rioxa, que superan o 15% (15,1% e 15,7%, respectivamente). O endebedamento por habitante aumenta tamén en relación ao período anterior ata acadar os 4.508,36 euros, situándose moi por baixo da media das CC.AA., que ascendeu a 6.097,02 euros por persoa.

Os indicadores económicos da recadación tributaria do Estado en Galicia mostran o incremento dos ingresos tributarios. A recadación presenta en Galicia unha medra do 12,1% respecto ao ano anterior impulsada tanto polo comportamento da imposición directa (13%) como polos impostos indirectos (10,5%). En termos absolutos, a recadación tributaria do Estado en Galicia ascende a 10.253,9 millóns de euros (1.106,6 millóns máis que no ano anterior) o que representa o 3,8% do total estatal.

Necesidade de financiamento da C.A. 2024

(en miles de €)

Saldo orzamentario	**-546.664,5**
Axustes conforme as normas SEC	**546.664,5**
Liquidacións negativas do sistema de financiación	39.787,1
Intereses	-
Inexecución	197.003,1
Recadación incerta	-10.000,0
Obrigas de exercicios anteriores (conta 413/409)	-
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-
Aportacións de capital a empresas públicas	-
Transferencias do Estado	326.401,8
Transferencias da UE	-
Reasignación de operacións	-
Investimentos de APP's	-
Resto de axuste	-6.527,6
Capacidade / Necesidade de financiación	**0,0**
% PIB	**0,0**

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.17.

Débeda das CC.AA. 2008 e 2022-23 (1)

	2008			2022			2023		
	débeda acumulada	**débeda / habitante (2)**	**débeda / PIB**	**débeda acumulada**	**débeda / habitante (2)**	**débeda / PIB**	**débeda acumulada**	**débeda / habitante (2)**	**débeda / PIB**
	(en millóns de euros)	*(en euros)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(en euros)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(en euros)*	*(%)*
Andalucía	8.143	1.003,01	5,4	37.870	4.449,46	21,0	38.649	4.502,42	19,8
Aragón	1.517	1.144,54	4,3	8.957	6.743,33	21,4	9.186	6.848,54	20,3
Asturias	770	718,90	3,2	4.217	4.196,40	16,3	4.243	4.217,30	15,1
Baleares	2.696	2.585,21	9,8	8.874	7.475,56	25,0	8.579	7.090,92	22,3
Canarias	1.885	946,31	4,5	6.474	2.962,01	13,2	6.518	2.945,37	12,2
Cantabria	511	885,21	3,9	3.378	5.769,58	22,0	3.316	5.635,17	19,9
Castela e León	2.608	1.026,08	4,6	13.322	5.607,90	20,7	13.865	5.816,41	19,9
Castela - A Mancha	2.584	1.271,76	6,5	15.520	7.540,05	33,2	16.156	7.752,15	31,9
Cataluña	20.825	2.848,39	10,0	84.518	10.888,96	33,1	85.986	10.881,62	31,0
C. Valenciana	13.696	2.779,17	12,7	55.033	10.773,68	43,5	57.993	11.117,86	42,2
Estremadura	904	829,62	5,0	5.137	4.860,46	22,8	5.322	5.048,08	21,8
Galicia	**3.954**	**1.435,33**	**6,8**	**11.977**	**4.447,89**	**17,2**	**12.170**	**4.508,36**	**16,1**
Madrid	11.380	1.827,76	5,7	34.824	5.164,26	13,3	35.875	5.220,55	12,6
Murcia	755	531,85	2,6	11.396	7.449,75	31,8	12.139	7.823,24	31,2
Navarra	868	1.407,47	4,7	3.158	4.752,14	14,0	2.951	4.389,76	12,0
País Vasco	1.007	466,33	1,5	10.821	4.905,78	13,6	10.661	4.810,39	12,4
A Rioxa	393	1.242,92	4,8	1.615	5.052,42	17,0	1.625	5.041,16	15,7

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.


(2) datos da Estadística Contnua de Población, a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.18.

Recadación tributaria do Estado en Galicia 2021-23. Criterio de caixa

	2023		2022		2021	
	(en miles de euros)	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*
Total	**10.253.941**	**100**	**9.147.309**	**100**	**8.151.077**	**100**
Impostos directos	6.587.145	64,2	5.828.666	63,7	4.929.788	60,5
IRPF	4.316.670	42,1	3.924.776	42,9	3.401.657	41,7
Impostos sobre sociedades	2.069.235	20,2	1.741.997	19,0	1.373.439	16,8
Imposto sobre a renda de non residentes	184.909	1,8	152.043	1,7	111.555	1,4
Resto capítulo I	16.331	0,2	9.850	0,1	43.137	0,5
Impostos indirectos	3.618.523	35,3	3.273.830	35,8	3.160.149	38,8
IVE	3.335.188	32,5	2.986.269	32,6	2.904.221	35,6
Impostos especiais	82.381	0,8	82.316	0,9	97.696	1,2
Tráfico exterior	188.192	1,8	190.498	2,1	145.612	1,8
Taxas e outros ingresos	48.273	0,5	44.813	0,5	61.140	0,8



Fonte: Agencia Tributaria, *Recaudación tributaria*

1.2.19.


No que respecta aos impostos directos, o devandito incremento explícase fundamentalmente pola medra da recadación do imposto de sociedades nun 18,8% (327,2 millóns de euros máis), sendo esta medra do 10% (391,9 millóns) no caso do IRPF. A recadación pola imposición directa ascende a 6.587,1 millóns de euros, 758,5 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 64,2% da recadación total (cadro 1.2.19.), medio punto por riba do que representa no ano anterior (63,7%). No último ano o IRPF ascende a 4.316,7,7 millóns de euros, o que representa o 42,1% da recadación total, e ata os 2.069,2 millóns no caso do imposto de sociedades, o que representa o 20,2% da recadación. En ambos os dous caos estes importes son os máis elevados dende o inicio da crise económica e financeira de 2008.

No que atinxe aos impostos indirectos, a recadación ascende a 3.618,5 millóns de euros, 344,7 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 35,3% da recadación total. Entre estes, o IVE recadou un total de 3.335,2 millóns de euros, un 11,7% máis que no exercicio precedente (82 millóns máis), mentres que os impostos especiais mantéñense por riba dos 82 millóns; en concreto, 82,4 millóns de euros.

Atendendo á evolución da estrutura da recadación do Estado en Galicia, se se compara a situación do último ano coa existente en 2019, cómpre indicar en primeiro lugar o incremento do peso relativo da imposición directa, que en 2019 representaba o 60,5% do total, case catro puntos menos que no exercicio 2023 (64,2%). Este incremento prodúcese tanto no IRPF como no im-

Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma. Criterios de caixa: 2021-22

	2021	2022	22/21	
	(miles de euros)		(miles de euros)	(%)
Capítulo I: Impostos directos	2.724.158,1	2.873.507,1	149.349,1	5,5
10 Sobre a renda	2.494.586,3	2.622.130,7	127.544,4	5,1
11 Sobre o capital	229.400,6	251.183,5	21.782,9	9,5
Capítulo II: Impostos indirectos	3.349.009,8	3.081.197,1	-267.812,8	-8,0
20 Sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados	334.187,5	354.167,0	19.979,5	6,0
21 Imposto sobre o valor engadido	2.022.969,6	1.787.229,5	-235.740,2	-11,7
22 Impostos sobre consumos específicos	915.664,2	846.637,5	-69.026,7	-7,5
23 Imposto sobre o xogo	42.034,1	55.271,3	13.237,3	31,5
28 Impostos extinguidos	-	-	-	-
29 Tributos propios da Comunidade autónoma	34.154,4	37.891,8	3.737,4	10,9
290 Tributación autonómica sobre o xogo	-	-	-	0,0
291 Gravame sobre contaminación atmosférica	940,8	806,1	-134,6	-14,3
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	11.071,6	14.049,6	2.978,0	26,9
293 Canon eólico	22.142,1	23.036,0	894,0	4,0
Capítulo III: Taxas e outros ingresos	196.929,6	206.279,0	9.349,4	4,7
30 Taxas administrativas	27.135,2	30.145,0	3.009,9	11,1
31 Prezos	28.855,6	30.299,9	1.444,3	5,0
32 Outras taxas	-	-	-	-
34 Ingresos derivados de encomendas de xestión	22.794,6	21.863,4	-931,2	-4,1
35 Ingresos derivados de compensación económicas	3.837,3	3.433,8	-403,5	-10,5
36 Debedores	49.508,9	49.262,9	-246,0	-0,5
37 Ingresos por ensaios clínicos	-	-	-	-
38 Reintegros	29.065,6	34.635,3	5.569,7	19,2
39 Outros ingresos	35.732,4	36.638,7	906,3	2,5




(consulta: 29-04-2022)
Fonte: IGE, *Administración pública*

1.2.20.

posto de sociedades, sendo máis intenso no primeiro caso (3,1 e 0,8 puntos máis respecto ao ano 2019). Por contra, o descenso de 3,5 puntos na imposición indirecta ven explicado fundamentalmente polo IVE, que en 2019 representa o 35,6% da recadación fronte ao 32,5% de 2023.

No que atinxe aos tributos propios da Comunidade Autónoma, **cadro 1.2.20.**, o importe total destes tributos foi de 37,9 millóns de euros, rexistrándose un aumento do 10,9% respecto ao ano anterior (3,7 millóns de euros). Entre os distintos tributos cómpre resaltar a importancia recadatoria do canon eólico, que tras unha medra do 4% respecto ao ano precedente, supón o 60,8% dos tributos propios (23 millóns de euros), seguida polos impostos sobre o dano ambiental da auga encorada, cun 36,3% do total de recadación (14 millóns de euros).

Participación da produción, a poboación e o emprego galego (1) no total español 2008-23



(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes; emprego: afiliados á Seguridade Social
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.21.

Proceso de converxencia económica

O obxectivo deste apartado é analizar en primeiro lugar a converxencia da economía galega coa media estatal, e posteriormente respecto á media comunitaria. Entendendo como converxencia económica o proceso de aproximación da situación económica dun territorio respecto a outro concreto que se toma como referencia, unha das variables máis empregadas como indicador é o PIB per cápita, de xeito que se a devandita aproximación prodúcese por un maior crecemento do PIB estase ante unha converxencia activa, a diferenza dunha converxencia pasiva que é resultado dunha caída da poboación.

• Converxencia coa media estatal

O PIB galego a prezos correntes medra no ano 2023 un 7,2% respecto ao ano anterior, case punto e medio por baixo do experimentado en España (8,6%), ascendendo a 75.849,9 millóns de euros, o que representa o 5,19% do total estatal. Como se aprecia no **cadro 1.2.21.**, este peso relativo é inferior ao que representa a poboación galega no conxunto do Estado (5,61%).

A partir dos datos recollidos nas contas económicas trimestrais do IGE e INE e no Padrón pódese calcular o valor do indicador PIB rexionalizable per cápita, que en 2023 se sitúa en 92,4 puntos (España=100), catro décimas menos que no ano anterior. O menor impacto da crise orixinada pola pandemia e a saída da crise antes que no conxunto do Estado fan que este indicador aumenta dende o 88,9% de 2019 ata o 93,3% de 2021, reducíndose posteriormente ata o devandito 92,4% por mor do maior crecemento da economía española nos dous últimos anos.

• Converxencia coa media europea

Tras a acusada caída do produto interior bruto por habitante en paridade de poder adquisitivo rexistrada en Galicia en 2020 (-10,5%, máis de seis puntos superior á rexistrada no conxunto da Unión Europea), os datos provisionais para os anos 2021 e 2022, últimos datos dispoñibles, reflicten unha medra interanual superior ao 10% (10,5% e 10,3%, respectivamente), sendo esta porcentaxe dous puntos superior á experimentada na


Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2008-22 (1) (2)

	Converxencia fronte a España						Converxencia fronte á UE					
						(PIB / habitante)						
	2019	2020	2021	2022	21/19	22/21	2019	2020	2021	2022	21/19	22/21
	(media España=100)				(puntos porcentuais)		(media UE-27=100)				(puntos porcentuais)	
Andalucía	73,8	74,4	74,9	74,9	1,1	0,0	67,1	61,5	63,0	64,1	-3,0	1,1
Aragón	108,7	112,9	111,1	110,3	1,6	-0,8	98,7	93,4	93,6	94,4	-4,4	0,8
Asturias	87,9	88,9	90,6	91,2	3,3	0,6	79,9	73,4	76,5	78,0	-1,9	1,5
Baleares	107,1	94,0	98,5	105,1	-2,0	6,6	97,4	77,7	82,9	90,1	-7,3	7,2
Canarias	80,4	75,0	76,2	79,2	-1,2	3,0	73,2	62,1	64,2	67,8	-5,4	3,6
Cantabria	92,2	93,3	93,0	92,9	0,7	-0,1	83,7	77,1	78,3	79,7	-4,0	1,4
Castela e León	94,1	97,1	96,6	95,8	1,7	-0,8	85,6	80,4	81,3	82,2	-3,4	0,9
Castela-A Mancha	78,7	81,4	80,9	80,2	1,5	-0,7	71,6	67,4	68,2	68,6	-2,9	0,4
Cataluña	118,4	116,4	116,0	115,6	-2,8	-0,4	107,7	96,3	97,9	98,9	-8,8	1,0
C. Valenciana	87,5	87,7	87,7	86,9	-0,6	-0,8	79,6	72,4	74,0	74,3	-5,3	0,3
Estremadura	72,9	75,0	75,6	75,8	2,9	0,2	66,1	62,1	63,6	65,0	-1,2	1,4
Galicia	90,0	92,0	91,9	92,0	2,0	0,1	81,8	76,1	77,4	78,8	-3,0	1,4
Madrid	136,9	137,7	137,1	136,5	-0,4	-0,6	124,6	114,0	115,6	116,9	-7,7	1,4
Murcia	81,8	83,2	83,3	82,4	0,6	-0,9	74,4	68,8	70,0	70,6	-3,8	0,6
Navarra	121,0	121,2	120,3	120,0	-1,0	-0,3	109,9	100,3	101,5	102,8	-7,1	1,3
País Vasco	128,4	127,1	126,9	127,2	-1,2	0,3	116,6	105,0	107,0	109,0	-7,6	2,0
A Rioxa	106,1	107,5	104,6	105,0	-1,1	0,4	96,5	89,0	88,1	90,1	-6,4	2,0
Ceuta	79,5	82,9	82,3	81,9	2,4	-0,4	72,2	68,4	69,4	70,1	-2,1	0,6
Melilla	72,8	74,0	72,9	73,5	0,7	0,6	66,1	61,1	61,5	63,0	-3,1	1,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0			91,1	82,7	84,4	85,6	-5,5	1,2

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; prezos de mercado (paridade poder adquisitivo)
(2) 2021, 2022: provisional
Fonte: INE, *Contabilide Rexional* , e EUROSTAT

1.2.22.

Converxencia de Galicia e España fronte a UE-27 e Galicia fronte a España 2000-22



(1) PIB per cápita a prezos de mercado (paridade de poder adquisitivo)
Fonte: INE, *Contabilidad Regional* , e EUROSTAT

1.2.23.

UE. No conxunto de España estas taxas de crecemento ascenden ata o 10,8% e 9,8%, respectivamente. Tras esta evolución, en 2022 o PIB per cápita ascende na Comunidade Autónoma a 27.900 euros, o equivalente ao 78,8% da media da UE-27 (85,6% no conxunto do Estado). Comparado co resto das Comunidades Autónomas, Galicia mantense como a décima C.A. co valor máis elevado, tras Madrid, País Vasco e Navarra, que superan o nivel da UE-27; Cataluña, Aragón, A Rioxa e Baleares, que superan o 90%; ademais de Castela e León e Cantabria.

Atendendo á súa evolución dende o inicio da crise orixinada polo coronavirus en 2019, o maior impacto da crise en España en relación á Unión Europea explica que todas as CC.AA. presenten unha diverxencia respecto á media europea. En concreto, o descenso do indicador de PIB por habitante en Galicia é de tres puntos porcentuais fronte aos cinco puntos e medio no conxunto do Estado. Cataluña, cunha minoración de 8,8 puntos, Madrid, con 7,7 puntos e País Vasco, con 7,6 puntos, son as CC.AA. que presentan os maiores reducións deste indicador. Se o horizonte temporal se amplía ao ano 2008, como se desprende do **gráfico 1.2.23.**, entre 2008 e 2013 o indicador PIB por habitante redúcese en case nove puntos (8,6 puntos fronte aos 12 no conxunto de España), mentres que dende 2013 ata o 2019 aumenta nun punto para situarse no 81,8% da media comunitaria (91,1% en España). ❑

1.3. Evolución demográfica

A poboación residente en Galicia medra no último ano un 0,2% para situarse nas 2.705.277 persoas a 1 de xaneiro de 2024, o que representa o 5,6% da poboación española. Con todo, se se considera un horizonte temporal moito máis amplo, dende o ano 2008 Galicia perde 48.891 habitantes (1,8%), sendo unha das catro Comunidades Autónomas cunha caída da súa poboación xunto a Asturias, Castela e León e Estremadura, o que contrasta coa medra do 6,4% no conxunto de España (2,9 millóns de persoas máis).

A estrutura territorial galega, con moitos núcleos de poboación illados e de escasa densidade, deriva nunha estrutura demográfica na que case catro de cada dez municipios teñen menos de 2.000 habitantes e onde só reside o 5,3% da poboación galega total. Esta distribución territorial está especialmente descompensada na provincia de Ourense, onde o 75,8% dos seus concellos teñen menos de 2.000 habitantes e neles reside o 26% da poboación total da provincia.

Asociado á perda de poboación das zonas rurais interiores, outra constante é o envellecemento da poboación por unha caída da fecundidade ou o aumento da esperanza de vida, entre outros moitos factores sociais e económicos. A un de xaneiro de 2024, a poboación de 65 e máis anos aumenta en Galicia ata as 720.189 persoas, o 26,6% da poboación total, 6,2 puntos porcentuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado. Esta porcentaxe agrávase nos concellos de menos de 1.000 habitantes, onde case o 44% a poboación ten máis de 65 anos. O envellecemento en Galicia é dobremente preocupante ao estar caracterizado por unha tendencia descendente da poboación potencialmente activa, que repercute de xeito directo na sostibilidade do sistema de Seguridade Social.

No presente capítulo analizarase a estrutura da poboación galega e o movemento natural da poboación, facendo especial referencia ao panorama rural e urbano por mor da importancia do rural galego tanto dende o punto de vista social como económico ou medioambiental.

Estrutura da poboación

Por segundo ano consecutivo Galicia presenta unha medra da súa poboación residente. A 1 de xaneiro de

Poboación nas CC.AA. 2022-23 (1)

	2023				23/22		
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	8.620.120	4.238.717	4.381.403	98,4	35.973	8.886	27.087
Aragón	1.348.918	666.949	681.969	28,3	7.629	4.275	3.354
Asturias	1.008.876	481.018	527.858	95,1	2.816	1.279	1.537
Baleares	1.231.487	614.011	617.476	246,7	21.581	11.362	10.219
Canarias	2.236.013	1.103.805	1.132.208	300,3	22.997	11.082	11.915
Cantabria	591.151	286.341	304.810	111,1	2.764	1.208	1.556
Castela e León	2.389.959	1.175.016	1.214.943	25,4	6.256	1.431	4.825
Castela-A Mancha	2.100.523	1.053.361	1.047.162	26,4	16.437	8.246	8.191
Cataluña	8.021.049	3.948.555	4.072.494	249,8	119.086	61.332	57.754
C. Valenciana	5.316.478	2.613.918	2.702.560	228,6	100.283	47.992	52.291
Estremadura	1.053.423	521.005	532.418	25,3	-883	-621	-262
Galicia	2.705.877	1.301.669	1.404.208	91,5	6.453	2.605	3.848
A Coruña	1.128.288	540.394	587.894	141,9	4.404	1.871	2.533
Lugo	324.840	157.566	167.274	44,7	573	234	339
Ourense	304.454	146.141	158.313	30,9	-109	-130	21
Pontevedra	948.295	457.568	490.727	211,0	1.585	630	955
Madrid	7.000.621	3.352.591	3.648.030	864,5	128.718	64.394	64.324
Murcia	1.569.164	786.213	782.951	138,7	17.472	8.394	9.078
Navarra	678.103	335.742	342.361	65,3	5.948	3.167	2.781
País Vasco	2.227.581	1.083.234	1.144.347	307,9	11.279	5.730	5.549
A Rioxa	324.226	160.074	164.152	64,3	1.944	923	1.021
Ceuta	83.284	41.990	41.294	4.383,4	232	93	139
Melilla	86.056	43.337	42.719	6.619,7	563	175	388
Total	**48.592.909**	**23.807.546**	**24.785.363**	**96,0**	**507.548**	**241.953**	**265.595**
Galicia / España *(%)*	5,57	5,47	5,67				

(1) 2023 Datos provisionais a 1 de xaneiro de 2024, 2022 datos definitivos a 1 de xaneiro de 2023.
Fonte: INE, *Estadística Contínua de Población*

1.3.1.

2024 Galicia conta con 2.705.877 persoas, o que supón 6.453 persoas máis que na mesma data do ano anterior. No conxunto de España a poboación residente medra un 1,1% para situarse nos 48,6 millóns de persoas.

O devandito incremento interanual de poboación en Galicia afecta tanto a mulleres como a homes así como a tres das catro provincias galegas. Dunha banda, o incremento da poboación no último ano é lixeiramente superior entre as mulleres; en concreto, a poboación feminina aumenta un 0,3% respecto ao ano anterior (3.848 mulleres máis) fronte ao 0,2% entre os homes (2.605 persoas máis). Doutra banda, neste último ano a provincia da Coruña presenta a mellor evolución tanto en termos absolutos como relativos, cunha medra interanual do 0,4% no caso das mulleres (2.533 máis) e no 0,3% entre os homes (1.871 persoas). A continuación estaría Pontevedra, cunha medra do 0,2% (955 mulleres máis) e 0,1% (630 homes), respectivamente. No extremo oposto, a perda de 109 persoas na provincia de Ourense entre as dúas datas mencionadas ven motivada polo descenso de 130 homes (-0,1%), aumentando po contra o número de mulleres (21 mulleres máis).

Se se amplía o horizonte temporal o inicio da crise económica de 2008 Galicia perdeu 48.891 habitantes, o que supón unha redución do 1,8%, o que contrasta co incremento superior a 2,9 millóns de habitantes (6,4%) no conxunto do Estado. En comparación co acontecido no resto de CCAA, catro Comunidades Autónomas perderon poboación no devandito período de tempo, salientando Castela e León e Asturias, cunha caída do 6% e 5,8%, respectivamente, por diante de Estremadura co 3,8%.

Evolución da poboación 2008-23 (1): distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos

	2008	2019	2020	2021	2022	2023
Total	**2.784.169**	**2.699.499**	**2.701.819**	**2.695.645**	**2.690.464**	**2.696.177**
A Coruña	1.139.121	1.119.596	1.121.815	1.120.134	1.119.180	1.123.426
Lugo	355.549	329.587	327.946	326.013	323.989	323.956
Ourense	336.099	307.651	306.650	305.223	304.280	304.550
Pontevedra	953.400	942.665	945.408	944.275	943.015	944.245
Galicia occidental costa	**1.965.482**	**1.950.806**	**1.955.982**	**1.953.438**	**1.951.501**	**1.956.455**
Galicia interior	**818.687**	**748.693**	**745.837**	**742.207**	**738.963**	**739.722**
Sete grandes cidades	**993.124**	**990.938**	**995.126**	**987.271**	**983.206**	**988.604**
Vigo	295.703	295.364	296.692	293.837	292.374	293.652
A Coruña	245.164	245.711	247.604	245.468	244.700	247.376
Ourense	107.057	105.233	105.643	104.596	103.756	104.250
Lugo	95.416	98.276	98.519	97.613	97.211	98.214
Santiago de Compostela	94.339	97.260	97.848	97.858	98.179	98.687
Pontevedra	80.749	83.029	83.260	83.114	82.828	82.535
Ferrol	74.696	66.065	65.560	64.785	64.158	63.890
Concellos segundo tamaño						
< 1.000 hab.	28.027	23.147	24.709	25.665	26.691	25.500
1.001 a 5.000 hab.	475.635	387.563	380.972	383.859	380.541	384.165
5.001 a 10.000 hab.	399.710	402.406	382.371	378.356	378.669	383.740
> 10.000 hab.	1.880.797	1.886.383	1.913.767	1.907.765	1.904.563	1.902.772

(1) datos do padrón
(2) comparativa feita en base a 2020; Cesuras e Oza dos Ríos incluídos en 2008 no grupo de 1001 a 5000 hab. Cerdedo-Cotobade antes do 2017 no de 5001 a 10000 hab.
Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes*


1.3.2.

O devandito descenso do 1,8% nos últimos 16 anos prodúcese fundamentalmente nas provincias do interior, cunha perda en torno ás 28.000 persoas en Ourense e Lugo (-8,5% e -7,9%, respectivamente), o que contrasta coa medra experimentada na provincia de Pontevedra (0,8%; 7.568 persoas). Atendendo á evolución segundo sexo, o descenso relativo experimentado entre os homes é máis acusado que entre os homes en Ourense e Lugo, sendo o incremento en Pontevedra máis intenso entre as mulleres. No caso da provincia da Coruña cómpre resaltar que o descenso da poboación en 311 persoas no período considerado ven motivado por un descenso da poboación entre os homes do 0,4% (1.996 persoas menos), o que contrasta co incremento do 0,3% entre as mulleres (1.685 persoas máis).

A desagregación dos datos poboacionais, necesaria para analizar a evolución demográfica comarcal, por idades, por tamaño dos concellos ou segundo a súa desagregación segundo grao de urbanización entre outros, que se leva a cabo neste capítulo, só permite analizar datos ata xaneiro de 2023. Os datos do Padrón municipal de habitantes (IGE) amosa que a perda poboacional dende xaneiro de 2008 rexístrase tanto na Galicia interior como na costa; no conxunto de concellos de menos de 10.000 habitantes; e nos sete grandes concellos galegos por mor do descenso da poboación en Vigo, Ourense e, en maior medida, en Ferrol (**cadro 1.3.2.**).

Dunha banda, o conxunto das comarcas que compoñen a chamada Galicia interior sofre no período 2008-2023 unha perda continuada de poboación rexistrando a 1 de xaneiro de 2023 unha poboación empadroada de 739.722 persoas, 78.965 habitantes menos que na mesma data de 2008 (9,6% menos). Por outra banda, nese período de tempo a perda de poboación residente nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa foi do 0,5% (9.027 persoas menos), acadando as 1.956.455 persoas. Con todo, o gráfico 1.3.3. amosa

Poboación na Galicia occidental costa e na Galicia interior 2014-23



Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes*

1.3.3.

que tras os descensos experimentados nos dous anos anteriores, entre xaneiro de 2022 e 2023 a poboación galega aumenta tanto no interior como na costa; en concreto, na Galicia occidental-costa a medra foi de 4.954 persoas (0,3%) fronte ao 0,1% no caso do interior (759 persoas máis). Tendo en conta esta menor intensidade da caída da poboación, a concentración da poboación na Galicia occidental-costa aumenta en dous puntos porcentuais, pasando do 70,6% en xaneiro de 2008 ata os mencionados 72,6% de 2023.

A devandita maior concentración da poboación na Galicia costeira apréciase tamén na análise da súa distribución segundo o seu grado de urbanización: territorios rurais (zonas pouco poboadas; ZPP), zonas urbanas e zonas intermedias de poboación. A 1 de xaneiro de 2023, un 36,7% (989.949 habitantes) reside nas denominadas zonas densamente poboadas (ZDP), definidas como áreas cunha densidade superior a 500 habitantes por quilómetro cadrado e unha poboación total de alomenos 50.000 habitantes; un 37,2% (1.002.998 persoas) nas denominadas zonas intermedias (ZIP), definidas como zonas que non pertencen a ZDP e que contan cunha densidade superior a 100 habitantes por quilómetro cadrado e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben son adxacentes a unha ZDP. O restante 26,2% (706.477 persoas) reside nas zonas pouco poboadas (ZPP), definidas como áreas locais que non pertencen a ningunha das anteriores.

A distribución da poboación non é homoxénea entre as provincias galegas. Dunha banda, o 45,6% da poboación de Ourense e o 44,7% de Lugo reside nas ZPP, o que contrasta co 15,5% na provincia de Pontevedra e o 24,9% na Coruña. Nestas dúas últimas provincias a maior concentración de poboación rexístrase nas ZIP, ao acoller o 44,7% e 38,6% da súa poboación (26% en Lugo e 20,2% en Ourense). No caso das ZDP, o 39,9% da poboación de Pontevedra está inscrita nestas zonas, case dez puntos máis que na provincia de Lugo (30,3%), descendendo esta porcentaxe ata o 34,2% en Ourense e o 36,5% na Coruña.

Entre xaneiro de 2022 e 2023 o incremento da poboación rexistrado en Galicia explícase en maior medida por unha medra da poboación nas zonas densamente poboadas (6.085 persoas máis; 0,6%) fronte ao 0,2% (2.141 persoas) nas ZIP, reducíndose ao mesmo tempo a poboación inscrita nas ZPP nun 0,2% (1.627 persoas menos).

A Coruña, Lugo e Ourense presentan unha tendencia similar á galega, aínda que con distinta intensidade, aumentando por contra a poboación na provincia de Pontevedra nos devanditos tres grados de urbanización. Dunha banda, A Coruña presenta os incrementos de poboación máis acusado nas ZDP e ZIP galegas tanto en termos absolutos como relativos, ascendendo o incremento ata o 0,8% no primeiro caso (3.328 persoas máis) e 0,4% nas ZIP (1.838 persoas máis). No extremo oposto, nas ZPP da provincia de Ourense a perda de poboación foi do 0,8% (1.136 habitantes menos),o que contrasta coa medra experimentada nas zonas pouco poboadas en Pontevedra (0,1%; 86 persoas máis).

Se se amplía o horizonte temporal ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2023, os datos da estatística do padrón continuo de habitantes reflicten que o descenso da poboación en case 85.000 persoas (3%) ven motivado principalmente pola perda poboacional nas ZPP, cunha redución do 13% (106.024 persoas menos), e en moita menor medida nas ZDP (-0,3%; 3.175 persoas menos). Isto contrasta coa medra do 2,5% experimentada nas ZIP entre as dúas datas consideradas (24.454 persoas máis).

Esta evolución nos distintos grados de urbanización é desigual entre as catro provincias galegas. Dunha banda, cómpre resaltar que o devandito descenso nas ZPP rexístrase de maneira especial en Lugo e Ourense, cunha redución superior ao 17%. En concreto, a poboación residente nas ZPP de Lugo redúcese nun 18,1%, o que supón 31.344 persoas menos (31.282 persoas menos na provincia de Lugo); e as ZPP de Ourense presentan un descenso do 17,2%, o que significa 28.955 persoas menos (no conxunto da provincia a perda da poboación ascende a 31.536 persoas). Por contra, o incremento da poboación nas ZIP rexístrase en todas as provincias agás en Lugo, cun descenso do 3,1% (2.711 persoas menos), o que contrasta coa medra do 4,5% nas ZIP na provincia da Coruña entre os dous anos considerados (18.686 persoas) fronte ao 2% en Pontevedra (8.190 persoas).

Asemade, no caso das ZDP Lugo e Pontevedra presenta unha ganancia de poboación, cunha medra do 2,9% entre as dúas datas consideradas (2.773 persoas máis) e 0,3% (1.050 persoas), respectivamente; o que contrasta coa redución do 2,7% en Ourense (2.880 persoas menos) e 1% na Coruña (4.129 persoas menos).

Por último, no concernente á análise a nivel municipal, entre o un de xaneiro de 2022 e 2023 a poboación galega medra en 120 dos 313 concellos galegos, dos que 38 pertencen á provincia de Ourense, 35 á Coruña, 28 a Pontevedra e os 19 concellos restantes a Lugo. Comparando a poboación residente en xaneiro de 2023 coa de 2008, dos 54 concellos que experimentan un incremento da súa poboación, 23 pertencen á provincia da Coruña e 21 á de Pontevedra, fronte aos cinco en Ourense e Lugo. Entre as dúas datas consideradas, os concellos con maior incremento da poboación en termos absolutos son Ames, con 6.664 habitantes máis, Oleiros, con 5.428 persoas máis, e Arteixo e Santiago, cunha medra superior ás 4.300 persoas, en tanto que en termos relativos destaca San Cibrao das Viñas, cunha medra do 35,1%, por diante de Miño, Ames e Barbadás, cun incremento lixeiramente superior ao 25%. No extremo oposto, Ferrol presenta a perda de poboación máis acusada, cunha redución do 14,5% (10.804 persoas menos).

Atendendo á súa desagregación segundo tamaño dos municipios, no último ano un total de 23 concellos en Galicia contaban cunha poboación empadroada superior aos 20.000 habitantes (en 55 municipios residen máis de 10.000 persoas), nos que en conxunto estaban empadroadas 1.447.220 persoas, 7.648 menos que na mesma data do ano anterior, o que supón o 53,7% do total da poboación de Galicia, case dous puntos e medio superior á porcentaxe rexistrada en 2008 (51,3%). Esta distribución non é homoxénea entre as distintas provincias, tendo en conta que en Ourense e

Lugo tan só as capitais teñen máis de 20.000 habitantes, concentrando o 34,2% e 30,3% da súa poboación, respectivamente. Na Coruña, os once concellos que superan esa cifra de poboación concentran o 59,4% da súa poboación, situándose esta porcentaxe no 61,2% en Pontevedra (dez concellos).

No extremo oposto, a poboación inscrita nos 36 concellos menos poboados de Galicia (menos de 1.000 habitantes) descende ata as 25.500 persoas (206 menos que no ano anterior; -0,8%), o que representa o 0,9% da poboación galega. Na mesma data de 2008 tan só 17 concellos contaban con menos de mil habitantes, acollendo un total de 12.230 persoas, o 0,4% da poboación galega. Deses 36 concellos, un total de 26 corresponden a Ourense, onde a poboación inscrita representa o 5,9% da súa poboación (7,4% en 2008).

Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas inscritas (202 concellos), o 37,6% da poboación de Ourense e o 34,6% no caso de Lugo está empadroada neses concellos (82 e 55 municipios, respectivamente), sendo esta porcentaxe do 15,2% en Galicia e en torno ao 12% no conxunto do Estado. No ano 2008 a poboación residente nestes concellos supuña o 41,8% en Ourense e o 39,7% da poboación e Lugo fronte ao 17,9% no conxunto da Comunidade Autónoma.

Os sete concellos máis importantes en termos de poboación concentran o 36,7% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2023, dúas décimas máis que no ano anterior, cando na mesma data de 2008 esta porcentaxe ascende a 35,7%. En termos absolutos estes concellos contan con 988.604 habitantes, o que supón 5.398 máis que en 2022 (0,5%). No último ano tan só Pontevedra e Ferrol presentan un descenso da súa poboación residente (-0,4%), experimentando A Coruña o incremento máis acusado tanto en termos absolutos como relativos (2.676 residentes máis; 1,1%).

Atendendo á evolución dende xaneiro de 2008 cómpre resaltar o descenso nun 14,5% da poboación empadroada no concello de Ferrol, o que supón 10.806 habitantes menos entre os dous ano considerados. Asemade, Ourense presenta unha caída do 2,6% no período considerado (2.807 empadroados menos), e Vigo, dun 0,7% (2.051 persoas menos). Por contra, os maiores incrementos da poboación empadroada rexístranse en Santiago de Compostela, cunha medra do 4,6% (4.348 persoas máis); Lugo, cun 2,9% (2.798 persoas) e Pontevedra, cun 2,2% (1.786 habitantes). Na cidade da Coruña a poboación residente medra un 0,9% no período sinalado (2.212 persoas menos).

• Composición por idades

O envellecemento da poboación é unha tendencia a longo prazo que se iniciou hai varias décadas en Galicia así como no conxunto de Europa, e que se fai evidente no incremento da proporción de persoas maiores xunto cun descenso na proporción de persoas en idade laboral. Xunto á maior lonxevidade (incremento da esperanza de vida e da idade media) a composición por idades da poboación reflicte ademais un envellecemento do envellecemento, cobrando cada vez maior importancia relativa as persoas de idade moi avanzada.

Os datos do Censo anual de poboación 2021-2023 publicados polo INE reflicten que a 1 de xaneiro de 2023 a idade media en Galicia ascende a 48,2 anos, o que supón unha medra de 3,8 anos. Comparado co resto das CC.AA., Galicia mantense como a terceira Comunidade Autónoma con maior idade media, só por detrás de Asturias (49,3 anos) e Castela e León (48,3 anos), ascendendo a idade media ata os 44,2 anos no conxunto de España. A idade media das mulleres é superior á dos homes, con 49,7 anos de media en Galicia no caso das mulleres e 46,5 anos no dos homes (45,5 e 42,9 anos en España, respectivamente).

No último ano tan só tres provincias españolas superan os 50 anos de idade, situándose Zamora como a provincia con maior idade media, con 51,7 anos, por diante de Ourense e Lugo con 51,2 e 50,5 anos de media respectivamente. Nas provincias da Coruña e Pontevedra, a idade media ascende a 47,8 anos e 46,8 anos, en ámbolos dous casos por riba da media estatal (44,2 anos).

Doutra banda, a esperanza de vida (EV) aos 65 anos en

Poboación nas CC.AA. 2023(1): distribución segundo grupos de idade

	Total		Grupos de idade				
			0-14	15-44	45-64	≥65	≥85
		(%)			(%)		
Andalucía	8.620.120	17,74	14,1	36,7	30,5	18,7	2,5
Aragón	1.348.918	2,78	13,0	34,0	30,6	22,4	4,1
Asturias	1.008.876	2,08	10,0	29,1	32,9	28,0	4,9
Baleares	1.231.487	2,53	13,5	39,9	29,9	16,7	2,3
Canarias	2.236.013	4,60	11,4	37,9	32,9	17,9	2,3
Cantabria	591.151	1,22	11,8	32,2	32,1	24,0	4,0
Castela e León	2.389.959	4,92	11,0	30,5	31,5	26,9	5,4
Castela-A Mancha	2.100.523	4,32	13,8	35,9	30,6	19,8	3,6
Cataluña	8.021.049	16,51	13,7	37,3	29,5	19,5	3,2
C. Valenciana	5.316.478	10,94	13,4	35,8	30,6	20,2	2,9
Estremadura	1.053.423	2,17	12,5	34,0	31,2	22,4	4,0
Galicia	**2.705.877**	**5,57**	**10,9**	**31,0**	**31,5**	**26,6**	**5,1**
A Coruña	**1.128.288**	**2,32**	**11,2**	**31,2**	**31,6**	**26,0**	**4,8**
Lugo	**324.840**	**0,67**	**9,9**	**29,0**	**31,0**	**30,1**	**6,8**
Ourense	**304.454**	**0,63**	**9,4**	**28,3**	**30,2**	**32,1**	**7,1**
Pontevedra	**948.295**	**1,95**	**11,4**	**32,4**	**31,9**	**24,3**	**4,2**
Madrid	7.000.621	14,41	13,7	37,8	29,9	18,6	3,0
Murcia	1.569.164	3,23	15,7	38,2	29,4	16,6	2,4
Navarra	678.103	1,40	14,2	35,0	30,0	20,7	3,5
País Vasco	2.227.581	4,58	12,5	32,5	31,2	23,8	4,1
A Rioxa	324.226	0,67	13,3	33,7	30,9	22,1	3,9
Ceuta	83.284	0,17	17,5	41,4	27,8	13,3	1,5
Melilla	86.056	0,18	20,3	41,8	25,7	12,2	1,3
Total	**48.592.909**	**100**	**13,2**	**35,8**	**30,5**	**20,4**	**3,3**

(1) Datos a 1 de xaneiro provisionais
Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.4.

Galicia no ano 2022 (último ano dispoñible) ascende a 21,4 anos, un máis que en 2008, o que a sitúa como a quinta C.A. coa esperanza de vida máis elevada tras Madrid (22,4), Navarra e Castela e León (21,7) e País vasco (21,5). En todas as CC.AA. as mulleres presentan unha esperanza de vida superior á dos homes, situándose en Galicia en 23,4 anos e 19,3 anos, respectivamente. No conxunto de España a EV ascende a 21,1 anos, situándose en 23 anos entre as mulleres e en 19,1 entre os homes.

As catro provincias galegas presentan unha EV aos 65 anos superior a media de España, ascendendo en Ourense a 21,8 anos, cifra tan só superada por Madrid, Salamanca, Segovia, Álava, Valladolid, Burgos e Soria. Na provincia de Pontevedra ascende ata os 21,4 anos, en tanto que na Coruña se sitúa en 21,4 e en Lugo, en 21,2 anos.

O índice de dependencia global, que reflicte a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos) aumenta en dez puntos e medio entre xaneiro de 2008 e 2023, acadando no último ano un valor de 60. Este índice presenta valores significativamente máis elevados entre as mulleres que entre os homes, acadando en 2023 o 64,9 e 55, respectivamente (54,3 entre as mulleres e 44,5 entre os homes no ano 2008). Doutra banda, o índice de envellecemento, que expresa a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, aumenta de maneira importante no devandito período de tempo, situándose en Galicia en 169,3 persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos (135,5 en xaneiro de 2008), ascendendo a 141,4 entre os homes e 198,8 entre as mulleres.

Tal como se observa no **cadro 1.3.4.**, o 26,6% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2024 ten 65 ou máis

Poboación en Galicia e España 2008 e 2023(1): estrutura segundo grupos de idade



(1) Os datos son definitivos
Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.5.

anos (20,4% no conxunto do Estado), porcentaxe tan só superada por Castela e León, co 26,9%, e Asturias, cun 28%. Asemade, o peso relativo das persoas maiores de 85 anos sobre o total de poboación ascende en Galicia ata o 5,1%, o que a sitúa tan só por detrás de Castela e León (5,4%), e moi por encima da media estatal que é do 3,3% (sitúase no 4,9% en Asturias). Por outra banda, tan só o 10,9% da poboación galega ten menos de 14 anos (13,2% en España), porcentaxe só inferior á rexistrada en Asturias, cun 10%, e Castela e León, co 11%.

Ourense e Lugo son as provincias galegas onde unha maior porcentaxe da súa poboación ten idades superiores aos 65 anos. O 32,1% da poboación de Ourense supera os 65 anos, sendo esta porcentaxe máis de tres veces superior á dos menores de 15 anos (9,4%). Na provincia de Lugo o 30,1% da poboación ten máis de 65 anos, fronte ao 9,9% dos menores de 15. Asemade, o 7,1% da poboación de Ourense ten 85 ou máis anos e o 6,8% en Lugo. Comparado co resto das provincias españolas, Ourense e Lugo son, xunto con Zamora (31,9%), as que presentan as maiores porcentaxes de poboación maior de 65 anos e as menores con mozos de 15 ou menos anos (9% en Zamora).

Atendendo aos grandes grupos de idade, o devandito descenso da poboación galega entre xaneiro de 2008 e 2024 afecta ao conxunto de persoas con menos de 44 anos. Tanto a nivel galego como no conxunto do Estado, o descenso máis acusado rexístrase entre a poboación entre 20 e 39 anos, cunha caída en Galicia do 34,8% (277.211 persoas menos), porcentaxe superior á caída media no Estado que foi do 23%. Entre a poboación máis nova cómpre resaltar a desigual evolución entre os menores de catro anos, onde por mor da baixa taxa de natalidade, a poboación se reduce nun 28,9% (31.295 persoas menos) e entre aqueles con idades comprendidas entre 10-14 anos, ao presentar un incremento do 11,4% entre as dúas datas consideradas (11.906 persoas). No conxunto de España, a poboación menor de 4 anos no dito período cae un 27,7% o que contrasta co incremento do 18,8% entre aqueles con idades comprendidas entre 10 e 14.

Os restantes grupos de idade presentan taxas de variación positivas. Dunha banda, o incremento máis acusado é o experimentado polas persoas maiores de 85, cunha medra do 68,7%, case dous puntos e medio inferior á do conxunto de España; doutra banda, a poboación de 45 a 64 anos aumenta en Galicia un 18,5% e a poboación de 65 a 84 anos, un 13,4%. O gráfico 1.3.6. reflicte a pirámide de poboación de Galicia onde se pode apreciar un engrosamento nos grupos quinquenais a partir dos 40 anos, sendo os grupos quinquenais maioritarios son os de 45-49 e 50-54 anos, que concentran o 8,6% e 8,1% da poboación total, respectivamente.

As disparidades entre provincias tamén se reproducen entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, entre os distintos concellos segundo o seu tamaño, e entre os distintos grados de urbanización considerados. Dunha banda, os datos correspondentes a un de xaneiro de 2023 reflicten que as comarcas da Galicia interior presentan unha poboación máis envellecida. As persoas de 65 ou máis anos representan o 30,5% da súa poboación (24,7% na costa), en tanto que a poboación menor de 15 anos supón o 9,9% no interior e o 11,7% na Galicia occidental-costa.


Entre xaneiro de 2008 e 2023, o descenso da poboación na Galicia interior xeneralizado, rexistrándose con maior intensidade no caso da poboación potencialmente activa, cunha redución do 14,2% (73.308 persoas menos), fronte ao 5,9% no caso dos menores de 15 anos (4.635 habitantes menos), e do 0,1% no dos maiores de 65 anos (319 persoas menos). Na Galicia occidental-costa o descenso prodúcese fundamentalmente no caso da poboación potencialmente activa (-7,8%; 105.926 habitantes menos), aumentando un 28,5% (107.459 empadroados máis) no caso das persoas de 65 e máis anos; a poboación descende un 3,4% no caso dos menores de 15 anos (8.016 persoas menos).

Doutra banda, se temos en conta a idade de poboación en función do tamaño do concello no que reside, mentres que no conxunto de Galicia a poboación con máis de 65 anos representa o 26,3% da poboación, nos concellos con menos de 1.000 habitantes esta porcentaxe é do 43,6% da súa poboación, situándose no 36% no caso dos concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 empadroamentos (nos concellos de máis de 10.000 habitantes a poboación de 65 ou máis anos representa o 23,8%). Por contra, a poboación menor de 15 anos representa tan só o 5,5% nos concellos menores de 1.000 habitantes, e sitúase no 7,9% co caso daqueles cunha poboación entre 1.001 e 5.000 habitantes (11,2% no conxunto de Galicia).

Entre as sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra, cun 12,6%, é a que presenta a maior porcentaxe de persoas menores de 15 anos, así como o menor peso relativo no caso das persoas de 65 e máis, cun 22,4%. Por contra, en Ferrol tan só o 9,7% da poboación ten menos de 15 anos e un 29,6% supera os 65 anos, situándose estas porcentaxes na cidade de Ourense en 11,2% e 26,6%, respectivamente.

Por último, cómpre facer referencia á distribución da poboación segundo idade e grado de urbanización. O ámbito rural (ZPP) é quen presenta a poboación máis envellecida, cunha idade media de 52,1 anos, case catro anos máis que no conxunto de Galicia (48,2),

Pirámide de poboación de Galicia 2008 e 2023



Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.6.

sendo a idade media das mulleres superior á dos homes (53,6 e 50,5 anos, respectivamente). Nas provincias de Ourense e Lugo, as máis envellecidas das catro, a idade media ascende ata os 55,1 anos no primeiro caso e ata os 54,3 anos en Lugo, destacando que a idade media das mulleres en Ourense é de case 57 anos (56,9 anos; 55,6 anos en Lugo).

Por contra, as ZIP son as que presentan a idade media máis reducida, con 46,4 anos (47,7 no caso das mulleres e 45,1 no dos homes). Estes valores máis baixos rexístranse en todas as provincias agás en Lugo, onde a idade media ascende a 48,8 anos fronte aos 46,5 anos nas zonas máis urbanas (ZDP). Na provincia de Pontevedra, a menos envellecida, as ZIP presentan unha idade media de 46 anos (47,3 anos entre as mulleres) en tanto que na Coruña a idade media ascende ata os 46,2 anos (47,5 anos entre as mulleres).

No que se refire ás ZDP, a idade media ascende ata os 47,1 anos no conxunto de Galicia, situándose en 48,9 anos no caso das mulleres e en 45,1 anos entre os homes. Pontevedra e Lugo presentan a idade media máis reducida, con 46,5 anos, un menos que na Coruña, superando os 48 anos en Ourense.

O índice de envellecemento, que mide o número de persoas de 65 e máis anos por cada cen menores de 20 anos, presenta diferenzas significativas entre os distintos graos de urbanización. Os datos correspondentes a un de xaneiro de 2023 reflicten que a ZPP presenta os valores máis elevados, con 267,8 persoas maiores de 65 anos por cada cen menores de vinte anos (169,3 no caso de Galicia). No extremo oposto, nas ZIP o valor do índice sitúase en 135,5, acadando os 151,6 no caso das ZDP.

O índice presenta para as mulleres valores superiores aos dos homes nas catro provincias galegas. Cómpre resaltar a situación de Ourense, onde por cada cen mulleres menores de vinte anos hai 278,9 mulleres maiores de 65, situándose o seu valor en 249,5 no caso de Lugo (202,4 e 192,2 no caso dos homes, respectivamente). No conxunto das ZPP da provincia de Ourense

Poboación estranxeira en Galicia e España 2023 (1)

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	(%)
Galicia	154.965	74.219	80.746	2.705.877	1.301.669	1.404.208	5,7
A Coruña	62.399	29.431	32.968	1.128.288	540.394	587.894	5,5
Lugo	22.490	11.344	11.146	324.840	157.566	167.274	6,9
Ourense	21.552	10.302	11.250	304.454	146.141	158.313	7,1
Pontevedra	48.524	23.142	25.382	948.295	457.568	490.727	5,1
España	6.491.502	3.248.639	3.242.863	48.592.909	23.807.546	24.785.363	13,4
			(%)				
Galicia / España	2,4	2,3	2,5	5,6	5,5	5,7	
A Coruña / Galicia	40,3	39,7	40,8	41,7	41,5	41,9	
Lugo / Galicia	14,5	15,3	13,8	12,0	12,1	11,9	
Ourense / Galicia	13,9	13,9	13,9	11,3	11,2	11,3	
Pontevedra / Galicia	31,3	31,2	31,4	35,0	35,2	34,9	

(1) Datos provisionais a 1 de xaneiro de 2024
Fonte: INE, *Estadística continua de población*

1.3.7.

hai un total de 435,7 maiores de 65 anos por cada cen menores de vinte por 379,9 na provincia de Lugo.

• Poboación estranxeira e movementos migratorios

A estatística continua de poboación (INE) amosa que a 1 de xaneiro de 2024 residían en Galicia un total de 154.965 persoas con nacionalidade estranxeira (**cadro 1.3.7.**), o que supón un incremento do 11,2% respecto á mesma data do ano anterior, 15.659 persoas estranxeiras máis, sendo esta medra interanual significativamente máis intensa que no conxunto do Estado (6,6%). Deste xeito, o devandito incremento da poboación residente rexistrado en Galicia ven explicado polo aumento da poboación de nacionalidade estranxeira que contrasta coa redución do 0,4% no caso das persoas de nacionalidade española (9.206 residentes menos). Se o horizonte temporal se amplía ata xaneiro de 2008, a poboación estranxeira medra un 67,5% (68.460 persoas máis) o que contrasta coa redución do 4,2% no caso da poboación de nacionalidade española (111.351 persoas menos).

A poboación estranxeira representa o 5,7% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 13,4% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal; Galicia mantense como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, superando tan só a Estremadura (4,1%). En Galicia están inscritos o 2,4% dos estranxeiros residentes no conxunto do Estado, porcentaxe significativamente inferior ao peso relativo da poboación galega en España, que é do 5,6%.

En termos absolutos, as provincias da Coruña, con 62.399 empadroados con nacionalidade estranxeira, e Pontevedra, con 48.524, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. É salientable que, atendendo ao peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 7,1% da súa poboación total; seguida de Lugo, co 6,9%; A Coruña, co 5,5%; e finalmente Pontevedra, co 5,1% da súa poboación total.

O incremento de poboación estranxeira en Galicia volve a rexístrase nas catro provincias galegas e tanto en homes como en mulleres. En termos absolutos A Coruña presenta en ambos os dous casos os maiores incrementos, cunha medra interanual de 3.774 mulleres (12,9%) e 3.489 homes (13,4% máis), en tanto que Lugo rexistra as taxas de variación interanual máis elevadas, co 14,2% no caso das mulleres (1.388 mulleres máis) e do 13,4% entre os homes (1.343 homes máis). Por contra, a provincia de Pontevedra presenta os me-

Poboación estranxeira: 2022 (1)

	Total		Nacionalidade española		Nacionalidade non española	
		(%)		(%)		(%)
Lugar de nacemento	2.699.424	100	2.560.118	100	139.306	100
España	2.417.062	89,5	2.410.710	94,2	6.352	4,6
Estranxeiro	282.362	10,5	149.408	5,8	132.954	95,4
Países europeos	79.795	3,0	45.747	1,8	34.048	24,4
UE (27) sen España	51.704	1,9	25.082	1,0	26.622	19,1
Países europeos non UE (27)	28.091	1,0	20.665	0,8	7.426	5,3
África	21.665	0,8	5.883	0,2	15.782	11,3
América	173.061	6,4	95.802	3,7	77.259	55,5
América do Norte	8.812	0,3	6.112	0,2	2.700	1,9
América Central e Caribe	26.706	1,0	16.147	0,6	10.559	7,6
América do Sur	137.543	5,1	73.543	2,9	64.000	45,9
Asia	7.452	0,3	1.729	0,1	5.723	4,1
Oceanía	389	0,0	247	0,0	142	0,1

(1)Datos definitivos a 1 de xaneiro de 2023

Fonte: INE, *Estadística continua de población*

1.3.8.

nores incrementos, cun 8,1% entre os homes (1.729 persoas máis) e un 7,9% entre as mulleres (1.867 mulleres máis). Por último, estes incrementos situáronse en 14,7% e 10,6% entre mulleres (1.084 persoas) e homes (985 persoas máis), respectivamente.

Atendendo á nacionalidade da poboación estranxeira residente en Galicia, **cadro 1.3.8.**, os datos da estatística continua de poboación reflicten que a un de xaneiro de 2023, último dato definitivo dispoñible, o 48,1% procede de países suramericanos ascendendo esa porcentaxe ata o 20% no caso doas persoas procedente da UE, e un 11,9% de países africanos. Cómpre mencionar que das 137.543 persoas nacidas en América do Sur que residían en Galicia nesa data, 16.629 máis que no ano anterior (13,8%), o 53,5% teñen nacionalidade española, ascendendo esta porcentaxe ata o 73,6% no caso das persoas nacidas en países europeos que non pertencen á UE-27. No extremo oposto, tan só o 23,2% das persoas nacidas en Asia teñen nacionalidade española, situándose esta porcentaxe no 27,2% no caso do continente africano.

En relación aos movementos migratorios rexistrados en Galicia no ano 2022 (**cadro 1.3.9**.), o saldo migratorio exterior presenta un signo positivo de 25.867 persoas, cifra significativamente superior á rexistrada no ano anterior (9.695 persoas). Nese ano, un total de 13.414 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma galega, e 39.281 persoas estableceron a súa residencia en Galicia. Atendendo á desagregación segundo nacionalidade, o saldo migratorio positivo ascende a 2.638 no caso das persoas españolas (2.030 no ano anterior) fronte aos 23.229 no caso das persoas de nacionalidade estranxeira (7.665 en 2021).

Case 53 de cada cen persoas de nacionalidade estranxeira que fixan a súa residencia en Galicia no primeiro semestre teñen entren 15 e 39 anos, así como o 47 de cada cen persoas residentes estranxeiros en Galicia que saen cara un terceiro pais, sendo o saldo migratorio das persoas nesta franxa de idade positivo en 12.696 persoas. Este saldo sería positivo en 496 persoas no caso das persoas de nacionalidade española. Salientar igualmente que o 8,7% dos inmigrantes e o 16,2% dos emigrantes teñen máis de 65 anos, cun saldo migratorio positivo de 1.413 persoas (644 posúen nacionalidade española e 769 estranxeira).

No que atinxe aos movementos interautonómicos, o saldo migratorio positivo para Galicia ascende en 2022 ata as 1.384 persoas fronte ás 3.141 no ano anterior. Atendendo a desagregación segundo idades, o saldo é positivo en todas as franxas de idade agás nas persoas

Movementos migratorios con terceiros países 2021-22: distribución segundo nacionalidade e grupo de idade

	2021			2022		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	**25.547**	**15.852**	**9.695**	**39.281**	**13.414**	**25.867**
Española	**7.743**	**5.713**	**2.030**	**7.957**	**5.319**	**2.638**
0-14	1.145	630	515	1.199	574	625
15-39	2.551	2.187	364	2.539	2.043	496
40-64	2.798	2.024	774	2.853	1.980	873
≥65	1.249	872	377	1.366	722	644
≥85	134	268	-134	135	194	-59
Estranxeira	**17.804**	**10.139**	**7.665**	**31.324**	**8.095**	**23.229**
0-14	2.403	922	1.481	5.257	751	4.506
15-39	9.457	4.798	4.659	16.527	3.831	12.696
40-64	4.986	3.696	1.290	8.184	2.926	5.258
≥65	958	723	235	1.356	587	769
≥85	64	43	21	71	34	37

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.9.

de 15-34 anos e entre 85 e 89 anos, o que contrasta coa situación previa á crise, onde tan só era positivo nos maiores de 45 e menores de 4 anos.

Movemento natural da poboación

No ano 2022, último dato anual dispoñible, agudízase o problema so saldo vexetativo negativo, rexistrando Galicia un total de 20.501 defuncións máis que nacementos, o valor máis elevado de toda a serie considerada (18.066 no ano anterior). Esta evolución é consecuencia tanto dun descenso do 2% no número de nacementos, como dun incremento do 6,5% das defuncións. Segundo os datos publicados polo INE, por cada 1.000 habitantes rexistráronse en Galicia un total de 7,6 defuncións máis que nacementos, fronte aos 2,8 falecementos no conxunto do Estado. Isto sitúa á nosa Comunidade Autónoma como a segunda cun menor saldo vexetativo por cada mil habitantes por detrás de Asturias (9,1 defuncións máis que nacementos), adiantando neste último ano a Castela e León (7,5 defuncións más que nacementos).

A estrutura e dinámica poboacional condiciona a existencia dunha reducida taxa bruta de natalidade en Galicia. No ano 2022 na Comunidade Autónoma rexistráronse un total de 5,4 nacementos por cada 1.000 habitantes, o que a mantén como a segunda Comunidade co índice máis reducido tras Asturias (4,7), sendo a media estatal de 6,9 nacementos. O **gráfico 1.3.11.** reflicte a tendencia descendente desta taxa de natalidade, que en 2008 se situaba en 8,4 nacementos por cada mil habitantes (11,3 en España).

As taxas de natalidade difiren de xeito moi relevante en función da nacionalidade da nai, así como tamén en función da distribución territorial. Dunha banda, se a nai é española a taxa de natalidade ascende en 2022 ata os 5 fillos nacidos por cada 1.000 habitantes en Galicia, e ata os 13,2 fillos por cada 1.000 habitantes se é estranxeira. No conxunto do Estado estas taxas aumentan sitúanse en 6 e 13 nacementos por cada mil habitantes, respectivamente.

Doutra banda, Ourense sitúase como a segunda provincia coa taxa máis reducida, con 4,4 nacementos por cada mil habitantes, tan só por detrás de Zamora, con 4,3 nacementos. Lugo situaríase no sétimo lugar, con 5,4 nacementos, e A Coruña e Pontevedra, en décima e undécima posición, respectivamente (5,6 e 5,7 nacementos). Asemade, atendendo á desagregación segundo grado de urbanización, o devandito envellecemento da poboación en xeral en Galicia, e en particular de xeito moi acusado nas Zonas Pouco Poboadas (ZPP), determina as moi reducidas taxas de natalidade neste territorio. En concreto, a taxa de

Indicadores demográficos das CC.AA. 2022

	Poboación a 1 de xaneiro 2022	Saldo migratorio 2022		Crecemento vexetativo	Poboación a 1 de xaneiro 2023
		exterior	interior		
Andalucía	8.511.167	87.039	553	-15.995	8.584.147
Aragón	1.328.215	19.240	91	-6.391	1.341.289
Asturias	1.004.960	9.129	1.034	-9.192	1.006.060
Baleares	1.187.043	20.740	1.936	-241	1.209.906
Canarias	2.185.607	31.946	1.954	-6.493	2.213.016
Cantabria	585.450	6.335	213	-3.543	588.387
Castela e León	2.375.583	25.941	134	-17.882	2.383.703
Castela-A Mancha	2.058.278	27.538	4.223	-6.030	2.084.086
Cataluña	7.761.823	158.546	-5.865	-14.362	7.901.963
C. Valenciana	5.108.116	113.402	7.871	-14.232	5.216.195
Estremadura	1.056.808	5.469	-2.415	-5.573	1.054.306
Galicia	**2.692.825**	**25.867**	**1.384**	**-20.501**	**2.699.424**
Madrid	6.743.254	135.620	-6.882	-193	6.871.903
Murcia	1.529.658	23.316	-1.861	226	1.551.692
Navarra	664.514	9.186	60	-1.558	672.155
País Vasco	2.205.826	22.739	-1.413	-10.540	2.216.302
A Rioxa	319.617	3.735	192	-1.273	322.282
Ceuta	83.051	419	-597	113	83.052
Melilla	84.932	798	-612	410	85.493
Total	**47.486.727**	**727.005**	**-**	**-135.166**	**48.085.361**

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.10.


natalidade descende en 2022 ata os 4,7 nacementos por cada mil habitantes, fronte aos 5,7 nacementos nas densamente poboadas e 5,6 nacementos nas zonas intermedias de poboación.

Por contra, no que á taxa bruta de mortalidade se refire, Galicia rexistra no ano 2022 un total de 13 falecidos por cada 1.000 habitantes, a terceira máis elevada do Estado tras Asturias (13,9) e Castela e León (13 falecementos), situándose a media estatal en 9,7 falecidos por cada mil habitantes. Ao contrario do que acontece coa taxa de natalidade, Galicia presenta unha tendencia crecente entre os anos 2008 e 2022; en concreto, a taxa bruta de mortalidade situábase ao comezo da serie considerada en 10,7 defuncións por cada mil habitantes. Estes datos difiren de xeito moi importante se se consideran as taxas estandarizadas de mortalidade, que permite comparacións ao utilizar unha estrutura de idades común coa poboación estándar europea; en concreto, os indicadores de mortalidade publicados polo INE reflicten que en Galicia se rexistran un total de 8,2 falecementos por cada mil habitantes, valor lixeiramente inferior ao estimado no conxunto de España (8,4 defuncións por cada mil habitantes), o que a sitúa como a sexta Comunidade autónoma coa taxa máis reducida tras Madrid (7 defuncións), Castela e León (7,7), Navarra (7,8), País Vasco (8) e Cataluña (8,1 defuncións por cada mil habitantes).


As provincias de Lugo e Ourense presentan as taxas brutas de mortalidade máis elevadas, con 16,7 e 16,4 falecementos por cada mil habitante, respectivamente, taxas tan só inferiores ás rexistradas en Zamora, con 16,8 falecementos. Por contra, Pontevedra é a provincia coa taxa máis reducida, con 11,2 defuncións por 1.000 habitantes, acadando este indicador os 12,5 na Coruña. Esta heteroxeneidade apréciase na análise entre os distintos grados de urbanización, onde as taxas de morta-

Movemento natural da poboación 2008-22 (1)

Nacementos e defuncións



Taxas brutas de natalidade e mortalidade



(1) Datos 2022 provisionais, anteriores definitivos

Fonte: INE, *Fenómenos demográficos* e IGE, *Nacementos, matrimonios e defuncións.*

1.3.11.

lidade ascenden en 2022 ata as 17,7 defunción por cada mil habitantes no ámbito rural (ZPP) fronte ás 11,3 defuncións nas ZDP e ZIP. Cómpre resaltar que nas ZPP de Lugo e Ourense este indicador sitúase en torno a 21 falecementos por cada mil habitantes (21,2 en Lugo e 20,8 en Ourense). ❑